



As corais en Galicia

DOI: 10.17075/cg.2022

1. Introducción, obxectivos e metodoloxía

Esta investigación nace do interese fundamental por coñecer a magnitude e características das corais en Galicia e determinar que variables inciden na súa actividade. O proxecto parte da iniciativa da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega. O traballo garda certa similitude con outros elaborados polo Observatorio da Cultura Galega no que respecta a describir cuantitativamente un colectivo cultural

.....

a partir da colaboración co tecido asociativo que a representa. Recentemente estudouse cunha metodoloxía similar o labor das bandas de música populares¹. No caso do estudo das corais, para a definición do universo e os obxectivos principais do proxecto e mais dalgúns dos ítems do cuestionario administrado, contouse co asesoramento da directiva das principais asociacións do ámbito, nomeadamente da Federación Coral Galega (FECOGA) e da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), así como doutros expertos.

A finalidade xeral de coñecer a realidade das corais galegas concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

- Localización das corais (provincia e ámbito rural-urbano).
- Número de compoñentes.
- Dirección artística.
- Actividades formativas e existencia de escola na coral.
- Imaxe e actividade musical.
- Datos económicos: cotas dos membros, gastos, subvencións.

Os obxectivos concretos céntranse tamén en analizar a incidencia da pandemia na actividade e a composición das corais no momento actual en comparación coa situación precedente. Os aspectos analizados son:

- Compoñentes da coral antes da pandemia.
- Abandonos motivados pola pandemia.
- Momentos de recuperación da actividade da coral en 2020 e en 2021 en relación cos ensaios e concertos.

1.1. Metodoloxía

A información obtívose a través da realización dunha enquisa específica ás 266 corais galegas consideradas activas no mes de xuño de 2022, baseada nun cuestionario estruturado no que se recollían os obxectivos de investigación. O universo componse das corais asociadas a FECOGA ou ACOPOVI, que se completou coas entidades non asociadas con actividade coñecida e

¹ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_As-bandas-de-musica-populares-en-Galicia.pdf

radicadas en Galicia. O tamaño da mostra veu determinado polo número de respostas obtidas.

Os parámetros técnicos da enquisa realizada son os seguintes:

- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** corais musicais das catro provincias galegas.
- **Mostra:** 137 entrevistas.
- **Tipo de entrevista:** autoadministrada en liña (sistema CAWI).
- **Marxe de erro:** $\pm 5,96\%$ cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), no caso de máxima indeterminación ($p=q=50\%$) e para resultados globais.
- **Traballo de campo:** xullo, agosto e setembro de 2022.

A empresa responsable foi Instituto Sondaxe, S. L.

1.2. Descrición do universo e características da mostra

O universo de corais musicais galegas estaba composto, en xuño de 2022, por 266 agrupacións coa seguinte distribución territorial segundo provincia e ámbito:

Distribución do universo de corais por provincia e ámbito

	Hábitat de residencia			Total
	Núcleos pequenos ou aldeas	Vilas	Cidades	
A Coruña	42	14	29	85
Lugo	14	7	9	30
Ourense	21	2	4	27
Pontevedra	48	23	53	124
Total	125	46	95	266

Fonte: Elaboración propia

Na distribución do universo obsérvase o importante peso da provincia de Pontevedra, xa que case a metade das corais galegas proceden desa provincia. Tamén é significativa a presenza, na mesma provincia, de máis da metade do total das corais situadas en poboacións de ámbito urbano (53 sobre un total de 95).

A mostra obtida foi de 137 entrevistas sobre o universo de 266 corais. No plano territorial, a distribución da mostra tivo en conta a provincia

e o tamaño do concello de localización. As magnitudes da mostra responden ás seguintes características:

Distribución da mostra por provincia e ámbito

	Hábitat de residencia			Total
	Núcleos pequenos ou aldeas	Vilas	Cidades	
A Coruña	15	8	14	37
Lugo	9	1	8	18
Ourense	7	1	3	11
Pontevedra	24	11	36	71
Total	55	21	61	137

Fonte: Elaboración propia

O ano de fundación das corais galegas en termos medios é 1991, o cal significa que a lonxevidade media deste tipo de agrupacións musicais en Galicia é de 31 anos.

Distribución da mostra por ano de fundación das corais

	Casos
Anteriores a 1960	9
Entre 1960 e 1980	15
Entre 1980 e 1990	23
Entre 1990 e 2000	39
Posteriores a 2000	51
Total	137

Fonte: Elaboración propia

O gasto medio das corais galegas durante o ano 2021 foi de 5.253 €, cunha oscilación de entre un mínimo de 200 € e un máximo de 34.000 €.

Distribución da mostra por gastos da coral

	Casos
Menos de 1.000 €	11
Entre 1.000 e 2.000 €	9
Entre 2.000 e 3.000 €	19
Entre 3.000 e 5.000 €	31
Entre 5.000 e 10.000 €	31
Máis de 10.000 €	7
Sen datos	29
Total	137

Fonte: Elaboración propia

O número medio de membros das corais galegas é de 29,4, cunha variación que vai dende un mínimo de 11 membros a un máximo de 63. A distribución por sexos e idades dos membros das corais mostran os seguintes datos:

Distribución porcentual por sexo dos membros das corais

	Porcentaxe
Homes	38,7
Mulleres	61,3

Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual por idade dos membros das corais

	Porcentaxe
16-19 anos	2,5
20-29 anos	2,1
30-39 anos	2,7
40-49 anos	5,7
50-59 anos	12,2
60-69 anos	30,7
70 anos e máis	44,0

Fonte: Elaboración propia

Obsérvase un claro aumento na idade dos membros das corais cun punto de inflexión arredor do grupo de 50-59 anos, treito de idade no que a porcentaxe de distribución das idades dos membros das corais ascende ao 12,2%. Os grupos de idades superiores (60-69 e 70 anos e máis) son os máis presentes na composición das corais galegas.

1.3. Tratamento de datos

Para unha mellor exposición e tratamento da información foi necesario construír algunhas variables derivadas das directamente recollidas no cuestionario. Entre estas pódense destacar as de porcentaxes de distribución segundo o sexo e a idade dos membros das corais.

Outras variables numéricas foron tamén recodificadas a escala nominal, nomeadamente o ano de fundación das corais e os gastos no ano 2021, de modo que a súa interpretación resultase máis sinxela.

As variables consideradas independentes nas hipóteses de investigación e coas que se traballará para explicar os resultados acadados foron as seguintes:



- Ano de fundación.
- Gastos da coral en 2021.
- Idade dos membros da coral.
- Provincia.
- Ámbito rural, semiurbano e urbano (núcleos pequenos ou aldeas, vilas, cidades).

A marxe de erro obtida para os resultados globais fai que deban tomarse con cautela os resultados dos cruzamentos cando non se trate de tendencias evidentes.

2. Características das corais galegas

Neste apartado descríbense as principais características que definen as corais galegas, en concreto o ano de fundación e o tipo de coral (independente ou vinculada a algunha outra asociación e clasificación desta).

2.1. Ano de fundación

O ano medio de fundación das corais galegas sitúase en 1991. Se se fai unha análise por treitos, pódese apreciar que preto dun 18% das corais galegas actuais foi fundado antes de 1980. Ademais, cómpre salientar que máis dun 82% delas se fundou a partir do ano 1980, probablemente vinculadas ao inicio da Transición. Deste xeito, entre 1980 e 1990 xurdiu practicamente un 17% das existentes na actualidade, case a mesma porcentaxe das creadas nas décadas anteriores. Ao afondar nesta tendencia, pódese salientar que o maior número de corais (máis dun 65%) foi fundado a partir da década de 1990: un 28,5% na década entre 1990 e o 2000 e un 37,2% a partir do ano 2000.

Distribución porcentual das corais galegas por ano de fundación

	Porcentaxe
Anteriores a 1960	6,6
Entre 1960 e 1980	10,9
Entre 1980 e 1990	16,8
Entre 1990 e 2000	28,5
Posteriores a 2000	37,2

Fonte: Elaboración propia

Se se analizan estes datos tendo en conta as provincias en que están situados os concellos aos que pertencen as corais, o máis destacable sería a maior proporción de entidades anteriores a 1960 na provincia de Lugo.

Distribución porcentual das corais galegas por ano de fundación e provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Anteriores a 1960	5,4	22,2	0,0	4,2	6,6
Entre 1960 e 1980	13,5	5,6	9,1	11,3	10,9
Entre 1980 e 1990	18,9	16,7	36,4	12,7	16,8
Entre 1990 e 2000	27,0	27,8	18,2	31,0	28,5
Posteriores a 2000	35,1	27,8	36,4	40,8	37,2

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o tamaño da poboación dos concellos en que están asentadas as actuais corais galegas, repítese a tendencia xeral analizada anteriormente no caso das agrupacións fundadas en núcleos pequenos ou aldeas e no caso das cidades. En ambos os ámbitos obsérvase un aumento a partir dos anos 80 do pasado século, que é maior no caso dos núcleos pequenos e aldeas, para producirse logo unha explosión nas décadas seguintes. A mostra non recolle nas vilas corais anteriores ao ano 1960. Así pois, nos períodos seguintes (entre 1960 e 1980, entre 1980 e 1990, e entre 1990 e 2000) proporcionalmente fúndanse moitas máis que nos outros dous ámbitos considerados, para logo descender por debaixo do 25% a partir do ano 2000.

Distribución porcentual das corais galegas por ano de fundación e ámbito poboacional

	Núcleos pequenos ou aldeas	Vilas	Cidades	Total
Anteriores a 1960	5,5	0,0	9,8	6,6
Entre 1960 e 1980	7,3	19,0	11,5	10,9
Entre 1980 e 1990	20,0	23,8	11,5	16,8
Entre 1990 e 2000	29,1	33,3	26,2	28,5
Posteriores a 2000	38,2	23,8	41,0	37,2


Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta a idade media dos membros das actuais corais galegas, obsérvase que aquelas con membros de idade media maior son as fundadas entre 1960 e 1980. Esta idade media descende nas corais creadas entre 1980 e 1990 e a nas que foron fundadas entre 1990 e 2000. A partir de aí a idade dos membros das corais aumenta.

2.2. Tipo de coral

Máis dun 75% das corais galegas son agrupacións independentes que non forman parte doutra asociación, centro cultural ou social. Por outra banda, pouco máis dun 24% si que forma parte doutro tipo de agrupación social ou cultural ou doutra institución. Dentro destas últimas, aquelas que pertencen a un centro cultural son as maioritarias, seguidas polas que forman parte dunha asociación veciñal, dun centro social ou de residencias da terceira idade.

Porcentaxe de corais por tipo



- Independente
- Centro cultural
- Asoc. Veciñal
- Centro social
- Residencia 3ª idade
- Outros

Fonte: Elaboración propia

A maior porcentaxe de corais independentes está na provincia de Lugo (89%), seguida polas da provincia da Coruña (78%), Ourense (73%) e Pontevedra (72%). De igual xeito, a maior proporción de corais dese mesmo tipo atópase nos concellos de ámbito rural (82%), mentres que se observa un descenso dese tipo de agrupacións nos outros dous ámbitos considerados (vilas —71%— e cidades —72%—).

Distribución porcentual das corais galegas por tipo de coral e provincia

	Independente	Forma parte doutra asociación
A Coruña	78,4	21,6
Lugo	88,9	11,1
Ourense	72,7	27,3
Pontevedra	71,8	28,2
Total	75,9	24,1

Fonte: Elaboración propia



Distribución porcentual das corais galegas por tipo de coral e ámbito poboacional

	Independente	Forma parte doutra asociación
Núcleos pequenos ou aldeas	81,8	18,2
Vilas	71,4	28,6
Cidades	72,1	27,9
Total	75,9	24,1

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta a distribución das corais segundo a idade dos seus membros, pódese observar que esta é algo menor entre os membros das corais de tipo independente e maior nas corais que forman parte doutra asociación ou agrupación.

Finalmente, ao considerar os gastos das corais galegas no ano 2021, hai unha tendencia cara ao aumento naqueles das agrupacións de tipo independente. Partindo dunha situación en que, das corais que tiveron menos de 1.000 € de gastos en 2021, un 73% era de tipo independente, pásase a unha situación en que un 86% das corais que rexistraron gastos superiores aos 10.000 € eran independentes e só un 14% pertencía a outro tipo de agrupación.

Distribución porcentual das corais galegas por tipo de coral e gasto

	Independente	Forma parte doutra asociación
Menos de 1.000 €	72,7	27,3
Entre 1.000 e 2.000 €	66,7	33,3
Entre 2.000 e 3.000 €	78,9	21,1
Entre 3.000 e 5.000 €	77,4	22,6
Entre 5.000 e 10.000 €	83,9	16,1
Máis de 10.000 €	85,7	14,3
Total	75,9	24,1

Fonte: Elaboración propia

3. Composición das corais

Neste apartado trataranse polo miúdo os diferentes aspectos de composición das corais galegas: grupos de idade e sexo maioritarios, cordas ou voces musicais, nivel de formación dos e das compoñentes, existencia dunha dirección musical etc.

3.1. Sexo e idade dos compoñentes

Para empezar, cómpre salientar que o número medio de membros das corais galegas neste ano 2022 é de 29 persoas, cifra que oscila nun rango mínimo de 11 individuos e un máximo de 63. A partir destes datos, pódese estimar que o total de compoñentes deste tipo de entidades ascende a 6.100 persoas aproximadamente.

Número medio de membros das corais

Número de membros	29
Mínimo	11
Máximo	63

Ese número de compoñentes distribúese dun xeito bastante regular se se atende ao criterio provincial de localización do concello ao que pertence a coral, agás no caso da provincia de Ourense, xa que é a que presenta a cifra de membros máis baixa (24 de media). No lado contrario, atopouse que as agrupacións máis numerosas están radicadas en concellos pertencentes á provincia da Coruña (31 membros de media).

Número medio de membros das corais por provincia

	Nº de membros
A Coruña	31
Lugo	29
Ourense	24
Pontevedra	29
Total	29

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o ámbito poboacional do concello en que se localiza a coral, obsérvase que aquelas situadas en vilas de tamaño intermedio presentan unha cifra de compoñentes maior (33 individuos de media), en detrimento das cidades (30 membros) e dos núcleos pequenos ou aldeas (27). Chama a atención esa distribución, sobre todo se se ten en conta que, no universo de corais galegas, aquelas asentadas en vilas de tamaño medio son as que teñen a presenza máis escasa, segundo se puido observar na distribución do universo mostrada no apartado en que se describía este.



Número medio de membros por ámbito poboacional

	Nº de membros
Núcleos pequenos ou aldeas	27
Vilas	33
Cidades	30
Total	29

Fonte: Elaboración propia

Unha análise da distribución das magnitudes de compoñentes atendendo á cifra de gastos das corais mostra unha clara tendencia cara ao aumento do número de membros conforme aumenta tamén o gasto. Isto pode ser unha consecuencia lóxica desa estrutura máis ampla que presentan as agrupacións con maior capacidade económica.

Número medio de membros das corais por gasto


	Nº de membros
Menos de 1.000 €	22
Entre 1.000 e 2.000 €	28
Entre 2.000 e 3.000 €	27
Entre 3.000 e 5.000 €	30
Entre 5.000 e 10.000 €	31
Máis de 10.000 €	39
Sen datos	29
Total	29

Fonte: Elaboración propia

O perfil de xénero que amosan as corais galegas é marcadamente feminino, xa que 6 de cada 10 membros destas agrupacións son mulleres. Ese maior peso da compoñente feminina amósase, de xeito especial, nas corais pertencentes a concellos da provincia de Pontevedra, cunha distribución incluso superior á media galega (62,7%).



Distribución dos membros das corais por sexo



Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e provincia

	Homes	Mulleres
A Coruña	38,9	61,1
Lugo	43,0	57,0
Ourense	39,7	60,3
Pontevedra	37,3	62,7
Total	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

O ámbito poboacional do concello en que se asenta a coral non parece que sexa determinante no perfil por sexo das corais musicais galegas. Nos tres ámbitos considerados, a porcentaxe de mulleres integrantes das corais é moi similar e, ademais, sitúase a pouca distancia da cifra media total da comunidade autónoma. Porén, si que se pode apreciar unha lixeira diminución da compoñente feminina conforme aumenta o tamaño poboacional, aínda que moi lixeira.

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e ámbito poboacional

	Homes	Mulleres
Núcleos pequenos ou aldeas	38,3	61,7
Vilas	38,7	61,3
Cidades	39,0	61,0
Total	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia



Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e gasto

	Homes	Mulleres
Menos de 1.000 €	36,4	63,6
Entre 1.000 e 2.000 €	46,2	53,8
Entre 2.000 e 3.000 €	37,7	62,3
Entre 3.000 e 5.000 €	39,8	60,2
Entre 5.000 e 10.000 €	37,6	62,4
Máis de 10.000 €	42,5	57,5
Sen datos	36,9	63,1
Total	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

Afondando na análise, procedeuse a cruzar as dúas variables definatorias de calquera perfil demográfico: o sexo e a idade. O que se pode apreciar é que a magnitude de corais cun perfil con preponderancia feminina é lixeiramente menor naqueles estratos en que a idade media dos compoñentes é tamén menor, para logo ascender tres puntos porcentuais por riba da media galega naquelas corais caracterizadas pola presenza de membros máis veteranos (64,3% de mulleres nas corais con membros de idade media igual ou superior aos 70 anos).

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e idade media

	Homes	Mulleres
Menos de 49 anos	39,4	60,6
Entre 50 e 59 anos	41,6	58,4
Entre 60 e 69 anos	40,9	59,1
70 anos e máis	35,7	64,3
Total	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

Visto o xénero, analízase agora a outra variable determinante do perfil demográfico das corais: a idade. Se hai algo que define as agrupacións musicais galegas é a elevada idade dos seus compoñentes.

Distribución dos membros das corais por idade

	Porcentaxe
16-19 anos	2,5
20-29 anos	2,1
30-39 anos	2,7
40-49 anos	5,7
50-59 anos	12,2
60-69 anos	30,7
70 anos e máis	44,0

Fonte: Elaboración propia

.....

Ao facer unha análise da distribución porcentual por treitos de idade media dos compoñentes, obsérvase un claro aumento na idade dos membros das corais cun punto de inflexión arredor do grupo de 50-59 anos, momento en que a porcentaxe de distribución das idades ascende ao 12,2%. Os grupos de idades superiores (60-69 e 70 anos ou máis) son os máis presentes na composición das corais galegas. O 44% dos membros ten 70 anos ou máis.

Por outra banda, o criterio territorial manifestado na provincia en que radica o concello ao que pertence a coral mostra un dato sorprendente, xa que as corais de concellos pertencentes á provincia de Lugo son as que teñen os compoñentes menos «envellecidos» da mostra de corais. No polo oposto atópase a provincia de Pontevedra, onde os compoñentes das corais que se localizan no seu territorio presentan unha idade maior. Finalmente, A Coruña e Ourense sitúanse na media da comunidade.

Vilas e cidades, por esta orde, presentan as corais compostas por membros máis veteranos, aínda por riba da media do total da mostra. Porén, é nos núcleos pequenos e aldeas onde se atopan as agrupacións coas idades medias máis baixas dos tres ámbitos poboacionais considerados.

Péchase este apartado facendo unha análise da idade dos membros segundo os gastos das agrupacións. Chegouse a unha dobre conclusión: por unha banda, as corais que tiveron os gastos máis elevados no ano 2021 son as que presentan os membros coas idades máis baixas e, por outra, semella que existe unha lixeira tendencia cara á diminución da idade media dos compoñentes segundo aumenta o número de membros das corais e, como consecuencia, o gasto.

3.2. Composición das corais segundo cordas


Neste subapartado farase unha análise dun dos principais elementos definitorios de calquera coral ou agrupación de voces musicais: os rexistros vocais ou tipos de voces dos compoñentes.

O coro está composto por diferentes tipos de voces, agrupadas en cordas. Cada corda agrupa as voces en función do rexistro ou tesitura (intervalo de notas que é capaz de interpretar) de cada unha. A música para

coros sepárase para ser interpretada polos catro rexistros vocais que se coñecen: sopranos, contraltos, tenores e baixos. Sen entrar en moito detalle, poderíase dicir que cada corda interpreta unha melodía diferente e que é grazas á formación de diferentes acordes como se conseguen os efectos desexados polo autor.

Cómpre sinalar que as dúas voces maioritarias nas corais galegas son a soprano (31% dos membros) e a contralto (30,2%). A explicación desta dobre preeminencia atópase no carácter predominantemente feminino das agrupacións de voces galegas, xa que as cordas soprano e contralto son voces de mulleres (agudas e graves respectivamente).

Composición dos membros das corais por cordas



■ Sopranos ■ Contraltos ■ Tenores ■ Baixos

Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual dos membros das corais por cordas e ámbito poboacional

	Sopranos	Contraltos	Tenores	Baixos
Núcleos pequenos ou aldeas	30,5	29,0	19,7	20,8
Vilas	31,1	32,1	18,7	18,1
Cidades	31,5	30,6	17,7	20,2
Total	31,0	30,2	18,6	20,1

Fonte: Elaboración propia

Se se atende á distribución das cordas segundo os intervalos de idade media dos e das compoñentes, o maior peso da corda soprano vese referendado nos treitos de idade inferior a 49 anos e entre 60 e 69, mentres que están igualadas as magnitudes de sopranos e contraltos no treito das persoas de maior idade (31,7% en ambos os casos). Finalmente, entre os membros que teñen entre 50 e 59 anos invértese a superioridade das sopranos sobre as contraltos. Algo similar sucede no treito das persoas menores de 49 anos coas outras dúas voces consideradas, tenores e baixos. O maior peso xeral destes últimos vese contrarrestado no devandito treito de idade (menos de 49 anos), de xeito que as cordas tenores superan en importancia ás cordas de baixos.

Distribución porcentual dos membros das corais por cordas e idade media

	Sopranos	Contraltos	Tenores	Baixos
Menos de 49 anos	32,9	29,4	19,5	18,3
Entre 50 e 59 anos	29,4	30,4	18,9	21,3
Entre 60 e 69 anos	30,0	29,2	20,0	20,8
70 anos e máis	31,7	31,7	17,3	19,3
Total	31,0	30,2	18,6	20,1

Fonte: Elaboración propia


3.3. Composición das corais segundo a formación musical dos membros

Historicamente, non todos os cantantes dos antigos coros tiñan coñecementos musicais, senón que a maioría cantaban por imitación dos sons, algo que mesmo segue pasando hoxe en día en moitos coros e, a teor dos datos recollidos na enquisa, tamén acontece nas corais galegas.

Así, un 65,4% dos membros das corais galegas non ten ningún tipo de formación musical e só un 22,9% ten unha formación que se podería considerar como básica e que se fundamenta nuns coñecementos elementais de solfexo para a lectura de partituras.



Composición dos membros das corais por formación musical



Fonte: Elaboración propia

Se se fai unha análise dos resultados tendo en conta a provincia de localización do concello ao que pertence a coral, chama a atención o caso particular de Lugo, pois amosa un comportamento moi diferente ao das outras tres provincias. Ao examinar os datos pódese comprobar que os membros con mellor formación das catro provincias son os pertencentes a corais lucenses, xa que o peso dos que teñen algún tipo de formación musical ascende a un 49,1% nesa provincia, por un 33,5% de membros de corais coruñesas con formación musical, un 38,3% en Ourense e un 30,7% en Pontevedra.

Formación musical dos membros das corais por provincia

	Sen formación	Básica	Media	Superior
A Coruña	66,5	21,1	8,0	4,4
Lugo	50,9	31,6	13,5	4,1
Ourense	61,7	26,1	10,1	2,1
Pontevedra	69,3	21,0	7,7	2,1
Total	65,4	22,9	8,8	3,0

Fonte: Elaboración propia

Se se fai a análise considerando o ámbito poboacional, pode comprobarse que as maiores posibilidades formativas que se poden atopar nas cidades galegas determinan que os compoñentes de corais radicadas neste tipo de

contornos mostren unhas mellores cifras de preparación musical. Por outra banda, as corais situadas nas vilas de tamaño medio son as que presentan os peores índices de formación musical entre os seus compoñentes.

Formación musical dos membros das corais por ámbito poboacional

	Sen formación	Básica	Media	Superior
Núcleos pequenos ou aldeas	67,1	20,7	9,2	3,0
Vilas	86,6	9,8	2,3	1,2
Cidades	56,3	29,5	10,6	3,6
Total	65,4	22,9	8,8	3,0

Fonte: Elaboración propia

A idade constitúe un factor diferencial para explicar a maior ou menor formación musical dos compoñentes das corais. A táboa seguinte mostra claramente este feito, xa que se pode apreciar unha importante diminución da formación en materia musical conforme aumenta a idade media dos membros das corais.

Formación musical dos membros das corais por idade media dos compoñentes

	Sen formación	Básica	Media	Superior
Menos de 49 anos	22,6	33,8	30,8	12,8
Entre 50 e 59 anos	53,0	26,2	15,1	5,6
Entre 60 e 69 anos	63,4	27,3	7,1	2,1
70 anos e máis	80,1	16,1	2,6	1,1
Total	65,4	22,9	8,8	3,0

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, considerando o importe do gasto das agrupacións corais galegas en 2021, cómpre destacar que aquelas que teñen as contías máis altas son as que presentan tamén os mellores índices de preparación musical entre os seus compoñentes. Posiblemente este feito estea relacionado co maior continxente de membros que teñen este tipo de corais.

Formación musical dos membros das corais por gasto

	Sen formación	Básica	Media	Superior
Menos de 1.000 €	59,8	28,4	7,5	4,2
Entre 1.000 e 2.000 €	89,2	9,0	0,9	0,9
Entre 2.000 e 3.000 €	79,9	13,7	5,0	1,3
Entre 3.000 e 5.000 €	56,7	29,4	11,0	2,9
Entre 5.000 e 10.000 €	60,6	23,8	13,2	2,4
Máis de 10.000 €	44,7	37,4	12,3	5,6
Sen datos	70,8	19,2	5,6	4,4
Total	65,4	22,9	8,8	3,0

Fonte: Elaboración propia

3.4. *A dirección musical das corais galegas*

A dirección de coro é o posto ocupado pola persoa encargada de preparar e coordinar as diferentes cordas (ou voces) dun conxunto coral, co fin de interpretar unha obra musical. As principais funcións do/a director/a dun coro ou coral consisten en unificar as persoas intérpretes, establecer o tempo e dar forma ao son do conxunto.


Na maioría dos coros, a mesma persoa ocupa o cargo da dirección musical (responsable de decidir o repertorio), o de mestre ou mestra de coro (responsable de ensinar as persoas intérpretes e ensaiar) e o da dirección de orquestra (responsable de dirixir a actuación). Estas persoas actúan como guías dos coros que dirixen, elixen as obras que se van interpretar e estudan as súas partituras, ás que poden facer certos axustes (por exemplo, en canto ao tempo, as repeticións das seccións, a asignación dos sos vocais etc.), elaboran a súa interpretación e transmiten a súa visión aos e ás cantantes. Tamén poden ocuparse de cuestións organizativas, como programar os ensaios, planificar unha tempada de concertos, escoitar audicións e promocionar o conxunto nos medios de comunicación.

No caso das corais galegas, pódese observar que todas elas teñen ou ben un director musical (72,3%), ou ben unha directora (27,7%). É significativo o feito de que, a pesar de que o número de mulleres nas corais galegas é superior ao dos homes, no caso da dirección musical acontece ao revés: son os homes os que superan as mulleres cando se trata de tarefas de dirección do coro.

A idade media dos/as directores/as das corais galegas é de 50 anos; 51 no caso dos homes e 49 cando son mulleres.



Dirección musical das corais por sexo



Fonte: Elaboración propia

Idade media da dirección musical das corais por sexo

Idade media do/a director/a	50 anos
Director	51 anos
Directora	49 anos

Ao facer unha análise dos resultados tendo en conta a provincia en que se localiza o concello ao que pertence a coral, pode comprobarse que as provincias da Coruña e de Lugo (73,0% e 72,2% de directores respectivamente) presentan distribucións moi similares á media galega en canto ao sexo do/a director/a. Algo parecido acontece coa provincia de Pontevedra, aínda que un pouco por debaixo da media no tocante ao rol de director (70,4%). A provincia de Ourense é a que se comporta de xeito máis diferente, pois nela a visibilidade das directoras descende incluso por debaixo do 20% (concretamente 18,2%).

No que se refire ás idades medias dos directores e directoras, a provincia que presenta un comportamento propio é a de Lugo, con dous factores diferenciais. Por unha banda, ráchase a tendencia xeral presente nas outras provincias no que se refire a que os directores teñen máis idade que

as directoras. Por outra banda, hai que salientar a fenda de idade que se dá na provincia lucense entre directores e directoras, pois a diferenza entre uns e outras é de 10 anos.

Dirección musical das corais por provincia, sexo e idade

	Sexo (%)		Idade media	
	Director	Directora	Director	Directora
A Coruña	73,0	27,0	54	50
Lugo	72,2	27,8	47	57
Ourense	81,8	18,2	52	49
Pontevedra	70,4	29,6	50	47
Total	72,3	27,7	51	49

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o ámbito poboacional, hai que salientar unha tendencia cara a un maior peso dos directores conforme aumenta o tamaño da poboación dos municipios nos que se atopan as corais. A tendencia alcista é moderada ao falar do tránsito dos núcleos pequenos e aldeas cara ás vilas intermedias, pero cando se contempla o paso destas cara ás cidades, o aumento na proporción de directores fronte ás directoras é moito máis acusado.

Dirección musical das corais segundo ámbito poboación, sexo e idade

	Sexo (%)		Idade media	
	Director	Directora	Director	Directora
Núcleos pequenos ou aldeas	65,5	34,5	52	50
Vilas	66,7	33,3	51	52
Cidades	80,3	19,7	50	47
Total	72,3	27,7	51	49

Fonte: Elaboración propia


A idade media dos compoñentes das corais resulta un factor diferencial para explicar a maior ou menor presenza dun sexo ou doutro na dirección das corais. A táboa seguinte mostra claramente este feito, xa que se pode apreciar unha importante diminución da porcentaxe de mulleres en papéis directivos ao pasar o límite dos 49 anos. Outras tendencias que cómpre destacar son as do aumento da idade media dos directores conforme aumenta a idade dos membros da coral e a oposta, é dicir, parece que existe unha certa inclinación cara ao descenso na idade das directoras cando aumenta a idade dos membros.

Dirección musical das corais segundo a idade media dos seus membros, sexo e idade

	Sexo (%)		Idade media	
	Director	Directora	Director	Directora
Menos de 49 anos	55,6	44,4	45	57
Entre 50 e 59 anos	76,5	23,5	47	50
Entre 60 e 69	70,6	29,4	51	45
70 anos e máis	76,0	24,0	53	49
Total	72,3	27,7	51	49

Fonte: Elaboración propia

Os/as directores/as das corais galegas teñen maioritariamente (75,9%) unha formación musical de tipo superior, mentres que un 23,4% ten formación de tipo medio e unicamente un 0,7% non ten ningunha clase de formación de índole musical. Se se considera a distribución da formación das persoas que exercen a dirección artística das corais segundo a provincia en que se atopan estas, pode comprobarse que aquelas cuxos/as directores/as teñen formación superior acadan un importante peso nas provincias da Coruña (86,5%), Ourense (81,8%) e algo menos en Pontevedra (73,2%). Porén, a formación de tipo medio acada os seus mellores resultados na provincia de Lugo (38,9%).

Formación musical das persoas a cargo da dirección da coral

Fonte: Elaboración propia

Porcentaxe de persoas a cargo da dirección da coral por nivel de formación musical e provincia

	Sen formación	Nivel medio	Nivel superior
A Coruña	0,0	13,5	86,5
Lugo	0,0	38,9	61,1
Ourense	0,0	18,2	81,8
Pontevedra	1,4	25,4	73,2
Total	0,7	23,4	75,9

Fonte: Elaboración propia

Cando se fixo a análise considerando o ámbito poboacional, comprobouse que, como acontecía no caso da formación musical dos compoñentes, o tipo de municipio vai influír de xeito máis ou menos diferencial na formación dos/as directores/as das corais. Así, aquelas que están radicadas en contornas máis urbanas (vilas de tamaño medio e cidades) teñen directores/as que presentan mellores cifras de preparación musical. Por outra banda, as corais situadas nas vilas de tamaño medio son as que presentan os peores índices de formación musical entre as persoas que exercen a dirección musical.

Porcentaxe de persoas a cargo da dirección da coral por nivel de formación musical e ámbito poboacional

	Sen formación	Nivel medio	Nivel superior
Núcleos pequenos ou aldeas	1,8	34,5	63,6
Vilas	0,0	14,3	85,7
Cidades	0,0	16,4	83,6
Total	0,7	23,4	75,9

Fonte: Elaboración propia

A idade aparece tamén como un factor diferencial para explicar a maior ou menor formación musical das persoas que exercen a dirección das corais. A táboa seguinte mostra claramente este feito, xa que se pode apreciar unha importante diminución da formación musical superior conforme aumenta a idade media das persoas que dirixen as corais.

Porcentaxe de persoas a cargo da dirección da coral por nivel de formación musical e idade

	Sen formación	Nivel medio	Nivel superior
Menos de 39 anos	0,0	16,0	84,0
Entre 40 e 49 anos	2,4	28,6	69,0
Entre 50 e 59 anos	0,0	18,6	81,4
60 anos ou máis	0,0	30,8	69,2
Total	0,7	23,4	75,9

Fonte: Elaboración propia

Algo moi similar ao que sucede coa idade ou o ámbito poboacional da coral é o que acontece coa variable do gasto. Pódese apreciar unha certa influencia da cantidade de gasto na formación musical do/a director/a, de xeito que unha maior capacidade económica ten como consecuencia unha preparación en materia musical máis avanzada. É algo lóxico, por outra banda, pois seguramente as remuneracións dos/as directores/as con formación de tipo superior será maior que as daquelas persoas que teñen unha formación máis baixa e iso é algo que repercute nun maior gasto para a coral.

Porcentaxe de persoas a cargo da dirección da coral por nivel de formación musical e gasto

	Sen formación	Nivel medio	Nivel superior
Menos de 1.000 €	9,1	18,2	72,7
Entre 1.000 e 2.000 €	0,0	77,8	22,2
Entre 2.000 e 3.000 €	0,0	21,1	78,9
Entre 3.000 e 5.000 €	0,0	25,8	74,2
Entre 5.000 e 10.000 €	0,0	16,1	83,9
Máis de 10.000 €	0,0	0,0	100,0
Sen datos	0,0	20,7	79,3
Total	0,7	23,4	75,9

Fonte: Elaboración propia

4. Actividades de formación nas corais galegas


Neste apartado abórdanse diversos aspectos sobre a formación de tipo musical nas corais galegas: existencia e tipo de formación que se imparte, presenza de escola de música nas corais, distribución das persoas que reciben formación etc. Antes de empezar coa análise cómpre advertir a necesidade de tomar os seguintes resultados con precaución debido ao nivel de

desagregación dos datos, motivado polo reducido número de corais en que se imparte formación.

4.1. Existencia de formación musical nas corais galegas

Para empezar, cómpre dicir que no 35,7% das corais galegas se imparte algún tipo de formación musical, especialmente a relacionada co canto e a técnica vocal (21,9%). A continuación, figuran os cursos de solfexo e linguaxe musical (10,2%) e, por último, os cursos para aprender a tocar instrumentos (3,6%).

Formación impartida nas corais galegas



- Non se imparte formación
- Canto e técnica vocal
- Solfexo e linguaxe musical
- Instrumento

Fonte: Elaboración propia

Se se fai unha análise en función da provincia en que se localiza o concello ao que pertence a coral, pódese apreciar que a de Lugo presenta un comportamento máis diferencial que o das outras tres, xa que o índice medio de existencia de formación nas corais (35,8%) aumenta na provincia lucense ata o 44,4%.



Porcentaxe de corais en se imparte formación especializada por provincia

	Impártese formación	Non se imparte formación
A Coruña	35,1	64,9
Lugo	44,4	55,6
Ourense	36,4	63,6
Pontevedra	33,8	66,2
Total	35,8	64,2

Fonte: Elaboración propia

Se se fai a análise considerando o ámbito poboacional, pode comprobarse que as corais radicadas en contornas urbanas e rurais son as que reflicten unhas mellores cifras de preparación musical impartida nas propias agrupacións. Por outra banda, as corais das vilas de tamaño medio son as que presentan os peores índices de formación musical entre os seus compoñentes.

Porcentaxe de corais en se imparte formación especializada por ámbito poboacional

	Impártese formación	Non se imparte formación
Núcleos pequenos ou aldeas	38,2	61,8
Vilas	23,8	76,2
Cidades	37,7	62,3
Total	35,8	64,2

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que no caso da preparación musical das persoas integrantes da coral, a idade maniféstase como un factor diferencial para explicar a maior ou menor presenza do ensino musical nas corais galegas. A táboa seguinte amosa este feito, xa que se pode apreciar unha certa tendencia descendente na presenza de formación en materia musical conforme aumenta a idade media dos membros das corais.

Porcentaxe de corais en se imparte formación especializada por idade media dos compoñentes


	Impártese formación	Non se imparte formación
Menos de 49 anos	55,6	44,4
Entre 50 e 59 anos	35,3	64,7
Entre 60 e 69 anos	45,1	54,9
70 anos e máis	26,0	74,0
Total	35,8	64,2

Fonte: Elaboración propia

4.2. Existencia de escola de música recoñecida nas corais

A aquelas agrupacións musicais galegas que imparten formación de tipo musical (49 en total) preguntóuselles tamén se dispoñían de escola de música recoñecida e concluíuse que unicamente un 8,2% das corais que imparten formación a teñen (tan só catro corais).

Existencia de escola de música recoñecida nas corais



Fonte: Elaboración propia

Por último, pódese establecer un perfil das persoas que reciben formación musical nas corais galegas.

Así, pódese dicir que o número medio de persoas que reciben formación nas corais galegas é de 24, cifra que oscila entre un rango mínimo de un individuo e un máximo de 51. Ese número de compoñentes distribúese dun xeito bastante regular se se atende ao criterio provincial de localización do concello ao que pertence a coral, agás no caso da provincia de Ourense, tal como acontecía coa composición xeral da coral. Efectivamente, a provincia ourensá é a que presenta a cifra de membros máis baixa (12 de media). No extremo contrario atópanse as agrupacións máis numerosas en concellos pertencentes á provincia da Coruña (27 membros de media) e de Lugo (26).

Persoas que reciben formación	24
Cifra máis baixa	1
Cifra máis alta	51



Número medio de persoas que reciben formación por provincia

Provincia	Nº de persoas
A Coruña	27
Lugo	26
Ourense	12
Pontevedra	24
Total	24

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o ámbito poboacional do concello en que radica a coral, hai que dicir que as das vilas de tamaño intermedio presentan unha cifra de receptores de formación musical (7 individuos de media) moito menor que a dos outros dous ámbitos. En liñas xerais, esta distribución está en consonancia coa composición das corais galegas, xa que as establecidas en vilas de tamaño medio son aquelas cuxa a presenza é máis escasa, segundo se puido observar na distribución do universo mostrada no apartado primeiro deste informe.

Número medio de persoas que reciben formación especializada por ámbito poboacional

Ámbito poboacional	Nº de persoas
Núcleos pequenos ou aldeas	25
Vilas	7
Cidades	26
Total	24

Fonte: Elaboración propia

Ao examinar os datos atendendo á cifra de gasto pódese atopar unha inclinación lóxica: existe unha clara tendencia cara ao aumento do número de persoas que reciben formación musical conforme aumenta tamén o gasto. Isto pode ser unha consecuencia desa estrutura máis ampla que teñen as agrupacións con maior capacidade económica.


Número medio de persoas que reciben formación por gasto

Provincia	Nº de persoas
Menos de 1.000 €	19
Entre 1.000 e 2.000 €	17
Entre 2.000 e 3.000 €	16
Entre 3.000 e 5.000 €	18
Entre 5.000 e 10.000 €	30
Máis de 10.000 €	45
Sen datos	24
Total	24

Fonte: Elaboración propia

O perfil de xénero das persoas que reciben formación musical nas corais galegas reproduce de xeito case exacto o perfil xeral que amosan as formacións galegas, é dicir, marcadamente feminino, xa que 6 de cada 10 persoas que reciben formación son mulleres. Ese maior peso da compoñente feminina nos estudos musicais móstrase de xeito especial nas corais pertencentes a concellos das provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo. A provincia da Coruña é a que mostra o comportamento máis diferenciado, xa que o 55% de mulleres desta provincia son as que reciben formación nas corais.

Distribución porcentual das persoas que reciben formación especializada nas corais por sexo



Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual das persoas que reciben formación especializada nas corais por sexo e provincia

	Homes	Mulleres
A Coruña	45,0	55,0
Lugo	38,3	61,7
Ourense	36,1	63,9
Pontevedra	36,0	64,0
Total	38,6	61,4

Fonte: Elaboración propia

O ámbito poboacional do concello en que radica a coral pode determinar ata tres comportamentos diferentes no perfil por xéneros das persoas que

asisten aos cursos musicais das corais galegas. Nos tres ámbitos considerados hai diferenzas. Deste xeito, a maior porcentaxe de mulleres correspóndese coas vilas de tamaño medio e a menor, cos núcleos pequenos ou aldeas. As corais radicadas nas cidades son as que mostran uns índices de participación na formación musical por xénero máis similar á tendencia xeral da comunidade galega.

Distribución porcentual das persoas que reciben formación especializada nas corais por sexo e ámbito poboacional

	Homes	Mulleres
Núcleos pequenos ou aldeas	41,5	58,5
Vilas	26,9	73,1
Cidades	37,4	62,6
Total	38,6	61,4

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que no caso da composición xeral das corais, cruzáronse as dúas variables definitorias de calquera perfil demográfico: o sexo e a idade. O que se pode atopar á vista dos datos é unha certa tendencia ao aumento das mulleres que reciben formación musical nas corais galegas conforme aumenta a idade media dos compoñentes destas.

Distribución porcentual das persoas que reciben formación especializada nas corais por sexo e idade

	Homes	Mulleres
Menos de 49 anos	41,5	58,5
Entre 50 e 59 anos	39,7	60,3
Entre 60 e 69 anos	38,6	61,4
70 anos e máis	37,3	62,7
Total	38,6	61,4

Fonte: Elaboración propia

Xa se comentou anteriormente que a principal característica que define as corais galegas é a elevada idade media dos seus compoñentes. A franxa de idade máis frecuente das persoas que reciben formación nas corais sitúase nos 70 anos ou máis.



Distribución porcentual das persoas que reciben formación musical por idade

	Porcentaxe
16-19 anos	6,5
20-29 anos	4,2
30-39 anos	3,3
40-49 anos	8,6
50-59 anos	12,7
60-69 anos	28,1
70 anos e máis	36,6

Fonte: Elaboración propia

Ao facer unha análise da distribución porcentual por treitos de idade daquelas persoas que reciben estudos musicais, obsérvase un claro aumento na idade dos membros das corais cun punto de inflexión arredor do grupo de 50-59 anos, momento en que a porcentaxe de distribución das idades ascende ao 12,7%. Os grupos de idade superiores (60-69 e 70 anos ou máis) son os que amosan os pesos máis elevados. Pódese observar na táboa que en todos os treitos de idade a porcentaxe de mulleres que reciben formación especializada é moi superior á dos homes.

Distribución porcentual das persoas que reciben formación especializada nas corais por idade media dos compoñentes

	Homes	Mulleres
Menos de 49 anos	41,5	58,5
Entre 50 e 59 anos	39,7	60,3
Entre 60 e 69 anos	38,6	61,4
70 anos e máis	37,3	62,7
Total	38,6	61,4

Fonte: Elaboración propia

Por outra banda, o criterio territorial manifestado na provincia en que radica o concello ao que pertence a coral permite concluír que nas agrupacións musicais das provincias setentrionais (A Coruña e Lugo) a idade media das persoas que reciben formación musical é menor, incluso por debaixo da media do total da comunidade, mentres que nas dúas provincias meridionais a idade é máis elevada, por riba da idade media da comunidade.

As vilas e as cidades presentan as corais con persoas que reciben estudos musicais máis veteranas, moi por riba da media do total da mostra. Porén, nos núcleos pequenos e aldeas e nas contornas urbanas atópanse

as agrupacións coas idades medias máis baixas dos tres ámbitos poboacionais considerados.


5. Imaxe e actividade musical

Neste capítulo trataranse polo miúdo diferentes características das corais galegas que definen ou ben a súa imaxe, como pode ser a existencia ou non de uniforme propio, ou ben a súa actividade (ámbito xeográfico de actuacións da coral, forma de interpretar os temas musicais, instrumentos etc.).

5.1. Uniforme propio

Para empezar, case un 84% das corais galegas dispón de uniforme propio para as súas actuacións. Estes uniformes son tradicionais no 38,7% das corais, traxes de gala no 22,6% e folclóricos no 2,9% das agrupacións galegas. En case un 20% das corais os seus membros usan uniforme variado.

Porcentaxe de corais que usan uniforme nas actuacións



■ Non teñen ■ Tradicional ■ Traxe de gala ■ Folclórico ■ Variado

Fonte: Elaboración propia

A presenza de corais con uniforme propio é practicamente maioritaria nas dúas provincias con maior poboación de Galicia, a da Coruña (86,5%) e a de Pontevedra (84,5%). É alta tamén, aínda que xa por debaixo da media da

comunidade autónoma, en Ourense (81,8%) e máis baixa aínda en Lugo (77,8%).

Porcentaxe de corais con uniforme propio por provincia

	Usan uniforme	Non usan uniforme
A Coruña	86,5	13,5
Lugo	77,8	22,2
Ourense	81,8	18,2
Pontevedra	84,5	15,5
Total	83,9	16,1

Fonte: Elaboración propia

Se se fai a análise tendo en conta o ámbito poboacional, pode comprobarse que as corais das vilas de tamaño medio son as que amosan unhas cifras máis elevadas de presenza de uniforme propio, xa que todas elas presentan a devandita característica. Por outra banda, as corais pertencentes a núcleos pequenos ou aldeas e ás cidades son as que presentan os índices máis baixos de uniformación na vestimenta entre os seus compoñentes.

Porcentaxe de corais con uniforme propio por ámbito poboacional

	Usan uniforme	Non usan uniforme
Núcleos pequenos ou aldeas	81,8	18,2
Vilas	100,0	0,0
Cidades	80,3	19,7
Total	83,9	16,1

Fonte: Elaboración propia

A idade dos compoñentes das corais resulta ser un factor diferencial para explicar a maior ou menor presenza dun código de vestimenta unificado. A táboa seguinte amosa este feito, xa que se pode apreciar unha clara tendencia ascendente na presenza do uniforme conforme aumenta a idade media dos membros das corais.

Porcentaxe de corais con uniforme propio por idade media dos compoñentes

	Usan uniforme	Non usan uniforme
Menos de 49 anos	66,7	33,3
Entre 50 e 49 anos	76,5	23,5
Entre 60 e 69 anos	82,4	17,6
70 anos e máis	94,0	6,0
Total	83,9	16,1

Fonte: Elaboración propia

Os gastos das corais galegas constitúen outra variable importante para explicar a presenza ou ausencia de uniforme entre os seus compoñentes. Non se pode afirmar que exista unha tendencia clara, pero si se pode concluir un feito que, *a priori*, é máis ou menos claro, que é o maior peso das corais con uniforme propio en función do maior gasto no ano 2021. Deste xeito, a totalidade das agrupacións musicais galegas con máis de 10.000 € de gasto durante o ano 2021 teñen uniforme propio, mentres que o 63,6% (case 20 puntos porcentuais por debaixo da media da comunidade) daquelas que gastaron menos de 1.000 € afirma que o teñen. O dato do 100% de uniformización das corais con gastos entre 1.000 e 3.000 € pode deberse á baixa representatividade existente neses dous estratos.

Porcentaxe de corais con uniforme propio por gasto

	Usan uniforme	Non usan uniforme
Menos de 1.000 €	63,6	36,4
Entre 1.000 e 2.000 €	100,0	0,0
Entre 2.000 e 3.000 €	100,0	0,0
Entre 3.000 e 5.000 €	71,0	29,0
Entre 5.000 e 10.000 €	80,6	19,4
Máis de 10.000 €	100,0	0,0
Sen datos	89,7	10,3
Total	83,9	16,1


Fonte: Elaboración propia

A aquelas agrupacións que manifestaron que tiñan uniforme propio para os seus compoñentes preguntóuselles, ademais, se esa vestimenta era igual ou non para homes e para mulleres. Nun 17,4% das corais o uniforme é o mesmo para homes que para mulleres. Pola contra, nun 82,6% das agrupacións o uniforme é diferente.

Ao facer unha análise en función da provincia en que se sitúan os concellos aos que pertencen as corais achouse que as dúas provincias menos poboadas (Lugo e Ourense) son as que contan coas corais en que é máis común a presenza de uniforme igual para homes e mulleres (28,6% na de Lugo e 22,2% na de Ourense).



Corais con uniforme propio diferenciado por sexo



Base: Corais que teñen uniforme propio, N=115

Fonte: Elaboración propia

Porcentaxe de corais con uniforme propio diferenciado para homes e mulleres por provincia

	Uniforme igual	Uniforme diferente
A Coruña	18,8	81,3
Lugo	28,6	71,4
Ourense	22,2	77,8
Pontevedra	13,3	86,7
Total	82,6	17,4

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional, obsérvase que as corais radicadas en contornas urbanas son as que amosan unhas cifras máis elevadas de presenza de uniforme igual entre os compoñentes das corais. Porén, as corais das vilas de tamaño medio son as que presentan os índices máis altos de vestimenta diferenciada para homes e para mulleres.

Porcentaxe de corais con uniforme propio diferenciado para homes e mulleres por ámbito poboacional

	Uniforme igual	Uniforme diferente
Núcleos pequenos ou aldeas	13,3	86,7
Vilas	9,5	90,5
Cidades	24,5	75,5
Total	82,6	17,4

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que noutros casos anteriormente mencionados nesta análise sobre as corais galegas, os gastos eríxense como un determinante importante para explicar a presenza ou ausencia de diversas características. Neste caso pódese sinalar que existe unha certa correlación que establece que un maior nivel de gasto nas corais determina tamén un maior índice de diferenciación nos uniformes de homes e mulleres.

Porcentaxe de corais con uniforme propio diferenciado para homes e mulleres por gasto

	Uniforme igual	Uniforme diferente
Menos de 1.000 €	42,9	57,1
Entre 1.000 e 2.000 €	33,3	66,7
Entre 2.000 e 3.000 €	10,5	89,5
Entre 3.000 e 5.000 €	13,6	86,4
Entre 5.000 e 10.000 €	20,0	80,0
Máis de 10.000 €	14,3	85,7
Sen datos	11,5	88,5
Total	17,4	82,6

Fonte: Elaboración propia


5.2. *Ámbito xeográfico das actuacións das corais*

Neste apartado vanse estudar algúns dos aspectos máis destacados do motivo polo que xorden as corais: a actividade musical.

A primeira cuestión que cómpre tratar é o ámbito xeográfico no que as corais galegas desenvolven a súa actividade musical. Para determinar isto fíxoselles a todas as corais unha pregunta sobre os lugares en que adoitan ter actuacións. Nesa cuestión engadíronse diversas categorías de resposta en orde crecente, en función da amplitude do marco xeográfico (local, provincial, comunidade autónoma, país...), de xeito que unha mesma coral puidese responder diversos ámbitos segundo as súas actuacións. Isto é o que motiva que neste primeiro apartado da actividade das corais se fale de resposta múltiple, xa que as corais poden dar concertos nos ámbitos local, provincial, galego etc.

Feita esta consideración inicial, concluíuse que o ámbito maioritario de actuacións das corais galegas é a comunidade autónoma de Galicia (nun 86,9% das ocasións), pero tamén se observou una destacada presenza de actuacións no resto de España (56,9%) e mesmo en Portugal (55,5%).

Ámbito xeográfico das actuacións das corais galegas



Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta a provincia en que están radicadas as corais, chama a atención o cosmopolitismo das agrupacións musicais da provincia de Lugo, pois son as que en maior proporción viaxan fóra de Galicia para amosar as súas propostas musicais: un 72,2% das corais teñen actuacións no resto de España e mesmo no país veciño.

Distribución porcentual do ámbito xeográfico de actuación das corais por provincia

	Local	Provincial	Galicia	Resto de España	Portugal	Outros países
A Coruña	16,2	45,9	89,2	59,5	54,1	2,7
Lugo	11,1	66,7	94,4	72,2	72,2	0,0
Ourense	0,0	27,3	81,8	36,4	36,4	0,0
Pontevedra	15,5	49,3	84,5	54,9	54,9	1,4
Total	13,9	48,9	86,9	56,9	55,5	1,5

Fonte: Elaboración propia

Ao analizar os datos tendo en conta o ámbito poboacional, comprobouse que as maiores opcións de desprazamento que confiren as cidades determinan que as corais galegas localizadas nestas contornas presenten unha maior variedade de opcións xeográficas de actuación. Cómpre lembrar, ademais, que nas cidades era onde se atopaban as agrupacións con maior gasto, o cal se pode explicar tamén polos desprazamentos que levan a cabo para as súas actuacións.

Por outra banda, chama a atención o importante peso que teñen as viaxes a Portugal entre as corais de pequenos núcleos e aldeas. Este destino no país veciño convértese no segundo máis importante para as agrupacións deste tipo de contornas, aínda que logo se produce un descenso da súa importancia no resto de corais.

Distribución porcentual do ámbito xeográfico de actuación das corais por ámbito poboacional

	Local	Provincial	Galicia	Resto de España	Portugal	Outros países
Núcleos pequenos ou aldeas	9,1	49,1	90,0	58,2	61,8	0,0
Vilas	9,5	57,1	90,5	47,6	52,4	0,0
Cidades	19,7	45,9	82,0	59,0	50,8	3,3
Total	13,9	48,9	86,9	56,9	55,5	1,5

Fonte: Elaboración propia

Ao considerar a idade dos compoñentes das corais, pódese observar unha lixeira tendencia descendente nas viaxes para actuacións no resto de España conforme aumenta a idade dos membros. Algo semellante ocorre nas viaxes a Portugal, agás a excepción que supoñen as corais con compoñentes de entre 50 e 59 anos.

Distribución porcentual do ámbito xeográfico de actuación das corais por idade media dos compoñentes

	Local	Provincial	Galicia	Resto de España	Portugal	Outros países
Menos de 49 anos	22,2	55,6	88,9	66,7	66,7	0,0
Entre 50 e 59 anos	0,0	41,2	88,2	64,7	47,1	0,0
Entre 60 e 69 anos	11,8	52,9	94,1	56,9	58,8	0,0
70 anos e máis	22,0	50,0	86,0	48,0	54,0	4,0
Total	13,9	48,9	86,9	56,9	55,5	1,5

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, e considerando o importe do gasto das agrupacións musicais galegas en 2021, cómpre destacar a inclinación que se atopa cara ao aumento das viaxes para actuar no resto de España conforme aumenta o gasto das corais. Algo semellante acontece tamén no caso dos desprazamentos a Portugal.


Distribución porcentual do ámbito xeográfico de actuación das corais por gasto

	Local	Provincial	Galicia	Resto de España	Portugal	Outros países
Menos de 1.000 €	18,2	36,4	5,3	9,7	22,6	0,0
Entre 1.000 e 2.000 €	0,0	44,4	66,7	33,3	66,7	0,0
Entre 2.000 e 3.000 €	5,3	47,4	84,2	52,6	31,6	0,0
Entre 3.000 e 5.000 €	9,7	51,6	96,8	71,0	67,7	0,0
Entre 5.000 e 10.000 €	22,6	58,1	90,3	67,7	71,0	6,5
Máis de 10.000 €	14,3	28,6	85,7	71,4	71,4	0,0
Sen datos	17,2	48,3	86,2	44,8	44,8	0,0
Total	13,9	48,9	86,9	56,9	55,5	1,5

Fonte: Elaboración propia

5.3. Repertorio musical das corais

O abano de xéneros musicais que tocan as corais galegas é amplo: dende composicións populares ata temas de autoría propia relacionados coas propias corais, pasando por interpretacións de temática sacra ou relixiosa. Máis polo miúdo, as cancións de tema popular son as composicións máis interpretadas polas agrupacións musicais galegas (77,4%), seguidas polas de temática sacra ou relixiosa (60,6%) e as de compositores históricos (49,6%). Como no caso do ámbito xeográfico das actuacións, as respostas proceden dunha cuestión con resposta múltiple, xa que as corais poden interpretar diferentes repertorios ao mesmo tempo.

Repertorio musical das corais galegas (valores en % de resposta múltiple)

Fonte: Elaboración propia

Se se examinan os datos tendo en conta a provincia en que se sitúan os concellos aos que pertencen as corais, non se aprecian tendencias significativas de cara a un ou outro repertorio musical. O que si se pode salientar é o importante peso das interpretacións populares nas provincias de Lugo e Pontevedra, así como as de tipo sacro ou relixioso tamén na provincia de Lugo, con máis de 17 puntos porcentuais por riba da media da comunidade autónoma.

Distribución porcentual do repertorio musical das corais por provincia

	Popular	De autoría propia	Sacro ou relixioso	De compositores históricos	Outro
A Coruña	64,9	27,0	54,1	51,4	35,1
Lugo	83,3	33,3	77,8	61,1	16,7
Ourense	72,7	45,5	54,5	36,4	18,2
Pontevedra	83,1	28,2	60,6	47,9	19,7
Total	77,4	29,9	60,6	49,6	23,4

Fonte: Elaboración propia

Ao analizar os datos considerando o ámbito poboacional, pódese apreciar o menor peso das composicións de índole popular nas corais procedentes das contornas urbanas en comparación cos outros ámbitos. Tamén cómpre mencionar a maior presenza dos temas de autoría propia nos repertorios das corais de pequenos núcleos ou aldeas en comparación coas corais das vilas e cidades.

Distribución porcentual do repertorio musical das corais por ámbito poboacional

	Popular	De autoría propia	Sacro ou relixioso	De compositores históricos	Outro
Núcleos pequenos ou aldeas	81,8	36,4	61,8	43,6	21,8
Vilas	85,7	14,3	61,9	47,6	23,8
Cidades	70,5	29,5	59,0	55,7	24,6
Total	77,4	29,9	60,6	49,6	23,4

Fonte: Elaboración propia

A idade é un factor diferencial para establecer tendencias explicativas nos datos. O primeiro que se pode observar é o aumento de interpretacións do repertorio popular conforme aumenta a idade media dos compoñentes. Outra tendencia observable nos datos, aínda que esta é decrecente, é a das composicións de autoría propia relacionadas coas corais, que amosan unha curva decrecente conforme aumenta a idade dos membros.



Distribución porcentual do repertorio musical das corais por idade

	Popular	De autoría propia	Sacro ou relixioso	De compositores históricos	Outro
Menos de 49 anos	55,6	55,6	77,8	66,7	44,4
Entre 50 e 59 anos	70,6	47,1	52,9	47,1	29,4
Entre 60 e 69 anos	76,5	29,4	62,7	56,9	25,5
70 anos e máis	86,0	22,0	60,0	50,0	14,0
Total	77,4	29,9	60,6	49,6	23,4

Fonte: Elaboración propia

Por último, se se ten en conta o importe do gasto das agrupacións musicais galegas en 2021, pódese observar unha tendencia crecente primeiro e decrecente despois, nas interpretacións do repertorio sacro ou relixioso, conforme aumenta o gasto das agrupacións. O baremo de gasto entre 3.000 e 5.000 € marca o punto de inflexión na curva ascendente, xa que a partir dese gasto a tendencia vai cara a un descenso dese tipo de interpretacións.

Distribución porcentual do repertorio musical das corais por gasto

	Popular	De autoría propia	Sacro ou relixioso	De compositores históricos	Outro
Menos de 1.000 €	81,8	9,1	36,4	27,3	9,1
Entre 1.000 e 2.000 €	88,9	22,2	33,3	22,2	0,0
Entre 2.000 e 3.000 €	73,7	26,3	63,2	47,4	26,3
Entre 3.000 e 5.000 €	74,2	32,3	74,2	61,3	25,8
Entre 5.000 e 10.000 €	80,6	45,2	64,5	51,6	32,3
Máis de 10.000 €	57,1	42,9	57,1	42,9	71,4
Sen datos	79,3	20,7	58,6	55,2	10,3
Total	77,4	29,9	60,6	49,6	23,4

Fonte: Elaboración propia


5.4. Interpretacións musicais das corais

En canto á forma de interpretar as composicións, o que máis predomina entre as agrupacións corais galegas é o canto a capela, isto é, sen acompañamento instrumental (48,9% das interpretacións). O 6,6% das agrupacións levan a cabo as súas actuacións sempre con acompañamento instrumental, mentres que o 44,5% das corais aplican unha fórmula mixta: a capela nunhas ocasións e con acompañamento instrumental noutras.

Se se analizan os datos obtidos en función da provincia en que están situadas as corais, pódese observar o caso peculiar da de Ourense,

onde as interpretacións a capela son case a metade das que teñen lugar no resto das provincias. Porén, o acompañamento instrumental ten un peso moi destacado (case primordial) nesa provincia.

Formas de interpretación dos temas (valores en %)



■ A capella ■ Con acompañamento instrumental ■ As dúas

Formas de interpretación dos temas por provincia (valores en %)

	A capela	Con acompañamento instrumental	As dúas
A Coruña	51,4	5,4	43,2
Lugo	50,0	5,6	44,4
Ourense	27,3	36,4	36,4
Pontevedra	50,7	2,8	46,5
Total	48,9	6,6	44,5

Fonte: Elaboración propia

Cando se fai a análise tendo en conta o ámbito poboacional, pódese observar unha lixeira tendencia descendente das interpretacións mixtas (con e sen acompañamento instrumental) conforme aumenta o tamaño da poboación dos concellos aos que pertencen as corais. Tamén cómpre destacar a significativa ausencia das interpretacións con acompañamento instrumental exclusivo nas vilas de tamaño intermedio.



Formas de interpretación dos temas por ámbito poboacional (valores en %)

	A capela	Con acompañamento instrumental	As dúas
Núcleos pequenos ou aldeas	40,0	5,5	54,5
Vilas	57,1	0,0	42,9
Cidades	54,1	9,8	36,1
Total	48,9	6,6	44,5

Fonte: Elaboración propia

A idade media dos compoñentes das corais pode configurar unha certa tendencia ao crecemento das interpretacións exclusivas a capela entre os membros máis veteranos das corais. No eido oposto, as corais que desenvolven interpretacións de tipo mixto descenden ao mesmo tempo que aumenta a idade das persoas.

Formas de interpretación dos temas por idade media dos compoñentes (valores en %)


	A capela	Con acompañamento instrumental	As dúas
Menos de 49 anos	33,3	0,0	66,7
Entre 50 e 59 anos	47,1	5,9	47,1
Entre 60 e 69 anos	51,0	5,9	43,1
70 anos e máis	50,0	6,0	44,0
Total	48,9	6,6	44,5

Fonte: Elaboración propia

Péchase este apartado sobre a imaxe e a actividade musical das corais cun comentario sobre os principais instrumentos utilizados polas agrupacións nas súas interpretacións. Deste xeito, o teclado (40,9%) e o piano (34,3%) son os instrumentos máis comúns nas corais galegas, seguidos polos instrumentos de percusión (17,5%) e as guitarras (12,4%).



Instrumentos empregados polas corais nas súas actuacións (valores en % de resposta múltiple)



Fonte: Elaboración propia

Ao analizar os datos por provincias, cómpre destacar o especial peso que teñen o piano e os teclados nas corais da provincia de Pontevedra, xa que os índices de utilización que acadan eses dous instrumentos sitúanse, na devandita provincia, por riba da media global da comunidade.

Instrumentos empregados polas corais nas súas actuacións por provincias (valores en %)

	Piano	Teclado	Guitarra	Percusión	Outros	Ningún
A Coruña	29,7	32,4	13,5	27,0	18,9	29,7
Lugo	27,8	33,3	16,7	16,7	11,1	38,9
Ourense	27,3	36,4	9,1	9,1	18,2	36,4
Pontevedra	39,4	47,9	11,3	14,1	7,0	19,7
Total	34,3	40,9	12,4	17,5	11,7	26,3

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional na análise dos datos, obsérvase que canto maiores son as posibilidades económicas e doutro tipo que se poden atopar nas cidades galegas maior é a cifra de corais que dispoñen de instrumentos máis custosos, como podería ser o piano. Por outra banda, as corais das vilas de tamaño medio son as que presentan os maiores índices de utilización dos teclados.

**Instrumentos empregados polas corais nas súas actuacións por ámbito poboacional
(valores en %)**

	Piano	Teclado	Guitarra	Percusión	Outros	Ningún
Núcleos pequenos ou aldeas	27,3	38,2	14,5	18,2	16,4	32,7
Vilas	23,8	52,4	14,3	23,8	14,3	28,6
Cidades	44,3	39,3	9,8	14,8	6,6	19,7
Total	34,3	40,9	12,4	17,5	11,7	26,3

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, cando se fai a análise segundo os gastos das corais no ano 2021 atópase un resultado que pode relacionarse co que se acaba de mencionar cando se falaba da distribución dos instrumentos segundo o ámbito poboacional. Se aí se concluíra que existía unha relación entre o aumento do tamaño dos hábitats en que se desenvolven as corais e as maiores posibilidades destas agrupacións de contar con instrumentos de maior custo, agora obsérvase algo similar, pois as corais que rexistran as maiores porcentaxes de gasto son precisamente as que poden acceder aos instrumentos musicais máis caros como os pianos, fundamentalmente por ese maior peso que teñen as agrupacións de maior gasto económico nas contornas urbanas.

Instrumentos empregados polas corais nas súas actuacións por gasto (valores en %)

	Piano	Teclado	Guitarra	Percusión	Outros	Ningún
Menos de 1.000 €	0,0	9,1	9,1	0,0	18,2	72,7
Entre 1.000 e 2000 €	22,2	66,7	22,2	22,2	11,1	22,2
Entre 2.000 e 3.000 €	21,1	52,6	21,1	15,8	15,8	26,3
Entre 3.000 e 5.000 €	32,3	45,2	9,7	19,4	6,5	25,8
Entre 5.000 e 10.000 €	45,2	48,4	9,7	16,1	9,7	16,1
Máis de 10.000 €	71,4	28,6	14,3	42,9	14,3	14,3
Sen datos	41,4	27,6	10,3	17,2	13,8	24,1
Total	34,3	40,9	12,4	17,5	11,7	26,3

Fonte: Elaboración propia


6. A economía das corais galegas

Neste apartado abordaranse os aspectos máis puramente económicos da actividade das corais: pagamento de cotas por parte dos compoñentes, retribucións monetarias da dirección musical e polas actuacións da coral, gastos e subvencións.

6.1. Cotas de membros das corais

Un 76% das corais galegas cobra algún tipo de cota aos seus compoñentes, cun rango económico preferente (31,4%) que abarca entre os 61 e os 120 € anuais. Se se fai unha análise por provincias, as dúas provincias atlánticas son as que maiores cotas cobran aos seus membros (40,5% e 29,6% de frecuencia do abano de 61 a 120 € anuais). No extremo oposto pódese destacar o caso das corais da provincia de Ourense, xa que un 45,5% delas non recibe ningunha cantidade de diñeiro en concepto de cota dos seus membros e, ademais, un 18,2% cobra 50 € ou menos en concepto de cota anual.

Cotas de membros das corais (valores en %)



- Ata 50 €/ano
- 51-60 €/ano
- 61-120 €/ano
- Máis de 120 €/ano
- Sen cota
- Outra situación

Fonte: Elaboración propia

Cotas anuais de membros das corais por provincia (valores en %)

	Ata 50 €	51-60 €	61-120 €	Máis de 120 €	Sen cota	Outra situación
A Coruña	18,9	5,4	40,5	10,8	18,9	5,4
Lugo	22,2	11,1	22,2	22,2	22,2	0,0
Ourense	18,2	0,0	27,3	9,1	45,5	0,0
Pontevedra	14,1	14,1	29,6	18,3	23,9	0,0
Total	16,8	10,2	31,4	16,1	24,1	1,5

Fonte: Elaboración propia

En canto ao ámbito poboacional na análise, pódense observar dúas tendencias diferenciadas. Por unha banda, existe unha certa orientación cara

ao aumento da cota entre 61 e 120 € anuais conforme aumenta o tamaño poboacional dos concellos onde están radicadas as corais. No eido oposto, apréciase un claro descenso na porcentaxe de agrupacións musicais que non solicitan cotas aos seus membros segundo aumenta o tamaño de poboación.

Cotas anuais de membros das corais por ámbito poboacional (valores en %)

	Ata 50 €	51-60 €	61-120 €	Máis de 120 €	Sen cota	Outra situación
Núcleos pequenos ou aldeas	18,2	5,5	27,3	18,2	29,1	1,8
Vilas	14,3	19,0	33,3	4,8	23,8	4,8
Cidades	16,4	11,5	34,4	18,0	19,7	0,0
Total	16,8	10,2	31,4	16,1	24,1	1,5

Fonte: Elaboración propia

Esa dobre corrente reproducése do mesmo xeito cando se introduce a variable da idade das persoas. A proporción de corais que cobran entre 61 e 120 € ascende conforme aumenta a idade dos compoñentes destas, do mesmo xeito que acontecía co ámbito de poboación. Isto tamén ocorre coa porcentaxe de corais que non lles cobran ningunha cota aos seus membros (descende a medida que o fai a idade).

Cotas anuais de membros das corais por idade media dos seus compoñentes (valores en %)

	Ata 50 €	51-60 €	16-120 €	Máis de 120 €	Sen cota	Outra situación
Menos de 49 anos	22,2	11,1	0,0	0,0	66,7	0,0
Entre 50 e 59 anos	5,9	0,0	17,6	17,6	52,9	5,9
Entre 60 e 69 anos	19,6	13,7	35,3	15,7	15,7	0,0
70 anos e máis	14,0	12,0	38,0	20,0	14,0	2,0
Total	16,8	10,2	31,4	16,1	24,1	1,5

Fonte: Elaboración propia

Cando se analizan os gastos das agrupacións, pode apreciarse que existe unha correlación lóxica entre os niveis de gasto das corais e os ingresos por cotas dos seus compoñentes, de xeito que as que máis gastan son as que reciben máis cartos polas cotas dos seus asociados.



Cotas anuais de membros das corais por gasto (valores en %)

	Ata 50 €	51-60 €	16-120 €	Máis de 120 €	Sen cota	Outra situación
Menos de 1.000 €	18,2	0,0	36,4	27,3	18,2	0,0
Entre 1.000 e 2.000 €	33,3	11,1	44,4	11,1	0,0	0,0
Entre 2.000 e 3.000 €	10,5	15,8	36,8	10,5	26,3	0,0
Entre 3.000 e 5.000 €	25,8	3,2	22,6	12,9	32,3	3,2
Entre 5.000 e 10.000 €	6,5	3,2	35,5	29,0	25,8	0,0
Máis de 10.000 €	0,0	28,6	42,9	0,0	14,3	14,3
Sen datos	20,7	20,7	24,1	10,3	24,1	0,0
Total	16,8	10,2	31,4	16,1	24,1	1,5

Fonte: Elaboración propia

6.2. Remuneración económica da dirección musical


A persoa que desempeña a función da dirección musical é unha figura importante na actividade das corais, pois adoita elixir o repertorio musical das actuacións da coral, fai axustes e arranxos ás partituras, dá forma e sentido ás actuacións e mesmo se pode ocupar de aspectos organizativos, como programar os ensaios, planificar concertos etc.

No caso que nos ocupa, un 75,2% dos/as directores/as das corais galegas reciben remuneración económica polo desempeño das súas funcións. Na maior parte das ocasións esa remuneración é igual ou inferior aos 350 € mensuais e nun 25,5% dos casos o salario percibido oscila entre os 351 e os 500 € mensuais.

A diferenza que se dá entre a remuneración que reciben os/as directores/as das corais débese principalmente á pluralidade de tipos de formacións vocais. Por unha banda, existen formacións *amateur* nas que o/a director/a pode non recibir ningún tipo de compensación económica ou que esta sexa moi baixa. Por outra, atópanse formacións semiprofesionais, tal e como reflicte o salario que reciben as persoas que as dirixen.



Remuneración económica da dirección musical (valores en %)



- Menos de 350 €/mes
- 351-500 €/mes
- Más de 500 €/mes
- Sen remuneración

Fonte: Elaboración propia

Ao considerar a variable da provincia, chama fortemente a atención o caso particular da provincia da Coruña, pois o peso das agrupacións que non pagan ningunha cantidade pola dirección da coral é o maior de todas.

Remuneración económica da dirección musical por provincia (valores en %)

	Menos de 350 €/mes	351-500 €/mes	Más de 500 €/mes	Sen remuneración
A Coruña	24,3	24,3	10,8	40,5
Lugo	44,4	22,2	5,6	27,8
Ourense	45,5	9,1	18,2	27,3
Pontevedra	47,9	29,6	7,0	15,5
Total	40,9	25,5	8,8	24,8

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional na análise, as maiores posibilidades económicas das cidades determinan que as corais deste tipo de contornas sexan as que maiores soldos lles pagan ás persoas que as dirixen. Por outra banda, as corais localizadas en pequenos núcleos ou aldeas son aquelas en que se rexistra un maior índice de directores/as que non perciben remuneración.



Remuneración económica da dirección musical por ámbito poboacional (valores en %)

	Menos de 350 €/mes	351-500 €/mes	Máis de 500 €/mes	Sen remuneración
Núcleos pequenos ou aldeas	40,0	23,6	7,3	29,1
Vilas	61,9	14,3	4,8	19,0
Cidades	34,4	31,1	11,5	23,0
Total	40,9	25,5	8,8	24,8

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, cando se fai a análise segundo o gasto das corais obsérvase un resultado que pode estar relacionado cos datos da remuneración percibida segundo os ámbitos poboacionais. Se nese caso se concluía que existía un vínculo entre o aumento do tamaño dos hábitats en que se sitúan as corais e as maiores posibilidades económicas, de formación dos compoñentes e, xunto con isto, do nivel académico do director/a musical e o custo que esta preparación trae consigo, agora obsérvase un resultado semellante, xa que as corais que teñen as porcentaxes máis elevadas de gasto son precisamente as que poden acceder ás persoas mellor preparadas para dirixilas e que esixen unha remuneración superior.

Remuneración económica da dirección musical por gasto (valores en %)


	Menos de 350 €/mes	351-500 €/mes	Máis de 500 €/mes	Sen remuneración
Menos de 1.000 €	36,4	9,1	0,0	54,5
Entre 1.000 e 2.000 €	22,2	11,1	11,1	55,6
Entre 2.000 e 3.000 €	73,7	0,0	5,3	21,1
Entre 3.000 e 5.000 €	54,8	32,3	0,0	12,9
Entre 5.000 e 10.000 €	12,9	48,4	19,4	19,4
Máis de 10.000 €	0,0	28,6	42,9	28,6
Sen datos	51,7	20,7	3,4	24,1
Total	40,9	25,5	8,8	24,8

Fonte: Elaboración propia

6.3. Remuneración económica polas actuacións da coral

En canto á retribución percibida polas corais galegas polas súas actuacións, cómpre sinalar que case a metade non perciben ningunha compensación económica polas interpretacións públicas que levan a cabo. Ademais, entre as que si perciben remuneración económica, máis dun 29% obtén entre 301 e 600 € por actuación.

Remuneración económica polas actuacións das corais (valores en %)



■ Menos de 300 € ■ 301-600 € ■ Máis de 600 € ■ Sen remuneración

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que o que acontecía no caso das cotas que se lles cobran aos compoñentes, a provincia de Ourense destaca pola súa singularidade neste eido. Esta afirmación vén motivada polo feito de que o 63,6% das corais da provincia ourensá non perciben cartos polas actuacións que desenvolven, cifra que supón máis de 20 puntos porcentuais por riba da media global das corais da comunidade.

Remuneración económica das actuacións por provincia (valores en %)

	Menos de 300 €	301-600 €	Máis de 600 €	Sen remuneración
A Coruña	16,2	18,9	24,3	40,5
Lugo	5,6	33,3	16,7	44,4
Ourense	9,1	18,2	9,1	63,6
Pontevedra	22,5	35,2	1,4	40,8
Total	17,5	29,2	10,2	43,1

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional na análise, obsérvanse dous resultados interesantes: por unha banda, unha certa tendencia cara ao aumento do pagamento polas actuacións conforme aumenta o tamaño poboacional dos concellos en que están radicadas as corais e, por outra, o altísimo peso que teñen as corais procedentes das vilas de tamaño medio no índice de actuacións non remuneradas.

Remuneración económica das actuacións por ámbito poboacional (valores en %)

	Menos de 300 €	301-600 €	Máis de 600 €	Sen remunera- ción
Núcleos pequenos ou aldeas	23,6	16,4	7,3	52,7
Vilas	9,5	9,5	9,5	71,4
Cidades	14,8	47,5	13,1	24,6
Total	17,5	29,2	10,2	43,1

Fonte: Elaboración propia

Por último, cando se fai a análise tendo en conta o gasto das corais atópase unha certa tendencia cara ao aumento das retribucións económicas conforme aumentan os gastos das corais.

Remuneración económica polas actuacións por gasto (valores en %)

	Menos de 300 €	301-600 €	Máis de 600 €	Sen remuneración
Menos de 1.000 €	27,3	0,0	27,3	45,5
Entre 1.000 e 2.000 €	44,4	11,1	0,0	44,4
Entre 2.000 e 3.000 €	15,8	26,3	10,5	47,4
Entre 3.000 e 5.000 €	12,9	38,7	0,0	48,4
Entre 5.000 e 10.000 €	16,1	48,4	12,9	22,6
Máis de 10.000 €	14,3	0,0	42,9	42,9
Sen datos	13,8	24,1	6,9	55,2
Total	17,5	29,2	10,2	43,1

Fonte: Elaboración propia

6.4. Gasto das corais

No ano 2021 as corais galegas tiveron uns gastos de 5.253 € de media, cun mínimo de 200 € e un máximo de 34.000 €. Estes gastos abranguen o salario do/a director/a da coral, gastos polos desprazamentos aos lugares das actuacións, alugueiro do local de ensaio etc.



Gasto medio das corais

Total	5.253 €
Mínimo	200 €
Máximo	34.000 €

Se se fai unha análise dos resultados tendo en conta a provincia de localización do concello ao que pertence a coral, obsérvase que as provincias da Coruña e Lugo albergan as corais que tiveron os gastos máis elevados, especialmente a provincia coruñesa, que presenta un gasto de máis de 6.000 €, a única por riba da media global da comunidade.

Gasto das corais por provincia

	Gasto medio
A Coruña	6.684 €
Lugo	5.123 €
Ourense	3.611 €
Pontevedra	4.842 €
Total	5.253 €

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o ámbito poboacional, pódese salientar unha tendencia cara a un maior gasto nas corais conforme aumenta o tamaño poboacional dos municipios en que radican as corais. A tendencia alcista é practicamente inexistente ao falar do tránsito dos núcleos pequenos ou aldeas cara ás vilas intermedias, pero cando se contempla o paso destas cara ás cidades, o aumento no gasto medio é moito máis acusado.

Gasto das corais por ámbito poboacional

	Gasto medio
Núcleos pequenos ou aldeas	3.999 €
Vilas	3.562 €
Cidades	6.846 €
Total	5.253 €

Fonte: Elaboración propia

As corais galegas con compoñentes cuxa idade media está por debaixo dos 49 anos son as que presentan os gastos máis elevados durante o ano 2021. Isto pode deberse a que sexan agrupacións que, por mor da mocidade dos seus compoñentes, estean máis afeitas a viaxar e a facer desprazamentos longos para as súas actuacións, o que deriva nun maior gasto económico ao que facer fronte.



Gasto das corais por idade media dos seus compoñentes


	Gasto medio
Menos de 49 anos	8.825 €
Entre 50 e 59 anos	4.982 €
Entre 60 e 69 anos	5.404 €
70 anos e máis	4.379 €
Total	5.253 €

Fonte: Elaboración propia

6.5. Subvencións en 2021

Algo máis da metade das corais galegas percibiron algún tipo de subvención ou axuda económica institucional en 2021. O importe medio desas subvencións foi de 3.267 €, cun mínimo de 300 e un máximo de 11.130 €.

Porcentaxe de corais que recibiron subvencións



■ Tiveron subvencións ■ Non tiveron subvencións

Fonte: Elaboración propia

Importe das subvencións recibidas

Importe medio das subvencións	3.267 €
Mínimo	300 €
Máximo	11.130 €

Fonte: Elaboración propia

Se se fai unha análise dos resultados tendo en conta a provincia onde se sitúa o concello ao que pertence a coral, pode observarse que as da Coruña e Lugo amosan o comportamento máis diferenciado, no sentido de que ambas presentan un importe medio percibido como subvención por riba da media global das corais da comunidade galega (4.159 € percibidos polas agrupacións da provincia de Lugo e 3.314 € que recibiron as corais coruñesas).

Subvencións das corais por provincia

	Importe medio
A Coruña	3.314 €
Lugo	4.159 €
Ourense	2.500 €
Pontevedra	3.070 €
Total	3.267 €

Fonte: Elaboración propia

Cando se analiza a variable do ámbito poboacional, cómpre salientar que as subvencións son maiores nas cidades que nos outros hábitats estudados.

Pode establecerse unha relación entre a poboación dos concellos de onde proceden as corais, o número de membros, as cotas que pagan, o importe do gasto e as subvencións, de xeito que, a medida que aumenta a poboación deses concellos, aumentan tamén as restantes magnitudes consideradas.

Subvencións das corais por ámbito poboacional

	Importe medio
Núcleos pequenos ou aldeas	2.595 €
Vilas	2.463 €
Cidades	4.011 €
Total	3.267 €

Fonte: Elaboración propia

Coas idades dos compoñentes das corais acontece algo moi similar ao visto no apartado anterior dos gastos, é dicir, os maiores importes percibidos polas corais galegas por subvencións son propios das agrupacións con compoñentes máis novos.



Subvencións das corais por idade media dos compoñentes

	Importe medio
Menos de 49 anos	6.608 €
Entre 50 e 59 anos	2.949 €
Entre 60 e 69 anos	3.012 €
70 anos e máis	2.855 €
Total	3.267 €

Fonte: Elaboración propia

Por último, ao analizar os datos tendo en conta os gastos afrontados polas corais en 2021, achouse unha clara tendencia cara ao crecemento do importe das subvencións percibidas polas corais ao tempo que crecen os gastos destas.

Subvencións das corais por gasto

	Importe medio
Menos de 1.000 €	977 €
Entre 1.000 e 2.000 €	883 €
Entre 2.000 e 3.000 €	2.307 €
Entre 3.000 e 5.000 €	2.369 €
Entre 5.000 e 10.000 €	4.235 €
Máis de 10.000 €	6.323 €
Sen datos	2.000 €
Total	3.267 €

Fonte: Elaboración propia

7. Efectos da pandemia da COVID-19

A difícil situación sanitaria e social provocada pola pandemia da COVID-19 reflectiuse na actividade das corais, sobre todo nos primeiros meses de extensión da enfermidade. Efectivamente, a actividade dos coros desenvólvese e basea a súa realidade en que os seus membros canten xuntos e compartan aire a menor distancia da considerada de seguridade. Ademais, unha das bases do canto atópase no traballo dos cantores para mover o aire e practicar a respiración. As medidas impostas para evitar os contaxios crearon unha situación complicada que alterou moitísimo a actividade de todas as corais e perante a cal as alternativas foron diversas: ensaios *online*, adiamento dos ensaios en vivo, cancelación de concertos etc.

Neste apartado vaise facer unha análise das consecuencias da devandita pandemia tanto na composición como na actividade das corais galegas.

7.1. Composición, sexo e idade dos compoñentes das corais en xaneiro de 2020

O número medio de membros das corais galegas en xaneiro de 2020 era de 32 persoas, cunha variación de entre un rango mínimo de 12 individuos e un máximo de 68. A partir deste dato, pódese estimar que a consecuencia da pandemia participan nas actividades das corais galegas unhas 700 persoas menos.

Ese número de compoñentes distribuíase dun xeito bastante regular se se atende ao criterio provincial de localización do concello ao que pertence a coral. Nese ano 2020 as agrupacións máis numerosas atopábanse en concellos pertencentes á provincia da Coruña (34 membros de media) e Lugo (33).

Número de membros das corais galegas (xaneiro de 2020)

Número medio de membros	32
Mínimo	12
Máximo	68

Fonte: Elaboración propia

Número medio de membros por provincia

	2020	2022
A Coruña	34	31
Lugo	33	29
Ourense	27	24
Pontevedra	32	29
Total	32	29

Fonte: Elaboración propia

Se se considera o ámbito poboacional do concello en que radica a coral, pódese comprobar que onde máis se deixaron sentir os efectos da pandemia foi nas corais radicadas en contornas urbanas, pois rexistraron un descenso de 4 membros de media, e naquelas localizadas en pequenos núcleos ou aldeas, cunha caída de 3 compoñentes de media. No caso das agrupacións situadas en vilas de tamaño medio o descenso foi só dun membro.




Número medio de membros por ámbito poboacional

	2020	2022
Pequenos núcleos ou aldeas	30	27
Vilas	34	33
Cidades	34	30
Total	32	29

Fonte: Elaboración propia

Globalmente, non se rexistraron cambios significativos no perfil de xénero das corais galegas. As porcentaxes de distribución por sexo mantiveron unhas cifras moi similares. Se se fai a análise considerando a provincia, o que máis chama a atención é o leve descenso da compoñente masculina nas agrupacións da provincia de Lugo.

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo (xaneiro de 2020)



Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e provincia

	Xaneiro de 2020		Maio de 2022	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	38,8	61,2	38,9	61,1
Lugo	44,1	55,9	43,0	57,0
Ourense	40,0	60,0	39,7	60,3
Pontevedra	37,7	62,3	37,3	62,7
Total	39,0	61,0	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

Tampouco se produciron diferenzas salientables na composición por sexos das corais atendendo ao ámbito poboacional no que están radicadas. O único aspecto salientable é o descenso da porcentaxe de homes nas corais pertencentes a pequenos núcleos ou aldeas e, no extremo contrario, o aumento dos homes naquelas agrupacións que pertencen a concellos considerados como vilas de tamaño intermedio.

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e ámbito poboacional

	Xaneiro de 2020		Maio de 2022	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Núcleos pequenos ou aldeas	39,5	60,5	38,3	61,7
Vilas	37,1	62,9	38,7	61,3
Cidades	39,2	60,8	39,0	61,0
Total	39,0	61,0	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

Distribución porcentual dos membros das corais por sexo e idade media dos compoñentes

	Xaneiro de 2020		Maio de 2022	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Menos de 49 anos	38,4	61,6	39,4	60,6
Entre 50 e 59 anos	39,0	61,0	41,6	58,4
Entre 60 e 69 anos	41,4	58,6	40,9	59,1
70 anos e máis	37,4	62,6	35,7	64,3
Total	39,0	61,0	38,7	61,3

Fonte: Elaboración propia

Se se fai unha análise das diferenzas na distribución porcentual por treitos de idade media dos compoñentes, obsérvase un leve descenso do peso do grupo de 50 a 59 anos, que pasa dun 12,8% a un 12,2%. Pode tratarse dun salto xeracional para o que non houbo renovación, pois é xustamente o treito de idade seguinte (60-69 anos) o que ve aumentadas as súas cifras (29,6% en 2020 e 30,7% en 2022).

Distribución porcentual por treito de idade dos membros das corais

Idade	Xaneiro de 2020	Maio de 2022
16-19 anos	3,5	2,5
20-29 anos	2,1	2,1
30-39 anos	2,8	2,7
40-49 anos	5,6	5,7
50-59 anos	12,8	12,2
60-69 anos	29,6	30,7
70 anos e máis	43,6	44,0

Fonte: Elaboración propia

7.2. Número de membros que deixaron a coral debido á COVID-19

Outra forma de coñecer as consecuencias da COVID-19 nas corais galegas baseouse en preguntarlles aos seus responsables a cifra de persoas que deixaron de pertencer á coral. De media, 5 persoas foron dadas de baixa das corais galegas por diversos motivos. O abano abrangue corais nas que ningún compoñente deixou a actividade a corais que rexistraron ata un máximo de 20 baixas.

Membros que deixaron as corais

Media	5
Mínimo	0
Máximo	20

Se se fai unha análise dos resultados tendo en conta a provincia en que se sitúa o concello ao que pertence a coral, obsérvase que as provincias da Coruña, Lugo e Ourense presentan cifras por debaixo da media global. A provincia de Pontevedra, que é onde hai máis corais, é tamén a que amosa a cifra máis alta de abandonos.

Número medio de membros que deixaron as corais pola COVID-19 por provincia

	Número medio
A Coruña	4
Lugo	4
Ourense	4
Pontevedra	6
Total	5

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional, pódese salientar que as maiores baixas de compoñentes tiveron lugar en corais radicadas en contornas urbanas e que as menores se produciron en agrupacións pertencentes a vilas de tamaño medio, polo que aquelas de ámbito máis rural están nunha posición intermedia.

Número medio de membros que deixaron as corais pola COVID-19 por provincia

	Número medio
Núcleos pequenos ou aldeas	4
Vilas	3
Cidades	6
Total	5

Fonte: Elaboración propia

A idade media dos compoñentes das corais tamén resulta importante cando se relaciona co número de compoñentes que abandonaron as corais galegas por mor da pandemia. Deste xeito, pódese observar que as maiores baixadas de compoñentes rexístranse nas corais compostas por membros cunha idade media inferior aos 49 anos. De todos os xeitos, cómpre tomar estes datos coas debidas precaucións debido á escasa representatividade na mostra desas corais formadas por compoñentes de menor idade.

Número medio de membros que deixaron as corais pola COVID-19 por provincia


	Número medio
Menos de 49 anos	9
Entre 50 e 59 anos	4
Entre 60 e 69 anos	4
70 anos e máis	5
Total	5

Fonte: Elaboración propia

7.3. Actividade das corais despois da pandemia


Neste apartado vaise analizar o que aconteceu nos meses posteriores ao confinamento no ano 2020. Para comezar, máis da metade das corais galegas puideron retomar os ensaios no mesmo ano. A época de recuperación desa actividade, fundamental para as corais, foi maioritariamente no segundo trimestre do ano, xa que o final do confinamento foi a principios do mes de xuño. Por outra banda, a outra actividade fundamental das corais, os concertos e actuacións en vivo, mostrou unha menor capacidade de recuperación, pois só o 30,7% das agrupacións corais galegas tivo concertos nese ano. O número de actuacións en vivo das corais galegas presentes na mostra deste estudo foi de 202 durante todo o ano 2020.

Ensaio das corais en 2020 (valores en %)



Fonte: Elaboración propia

Concertos das corais en 2020 (valores en %)



■ Si tiveron ■ Non tiveron

202 concertos

Fonte: Elaboración propia

En canto ás variables territoriais e, máis concretamente, á provincia en que están radicadas as agrupacións, atopáronse diferenzas salientables entre as corais dunhas e doutras provincias. Deste xeito, obsérvase que as corais da provincia de Lugo foron as que máis puideron ensaiar en 2020 e que as

de Ourense foron as que menos. No que se refire aos concertos, as agrupacións da provincia de Pontevedra son as que amosan os maiores índices de actuacións en vivo e as únicas que están por riba da media global da comunidade, mentres que as da provincia da Coruña rexistran as cifras máis baixas de concertos.

Ensaio e concertos en 2020 por provincia (valores en %)

	Ensaio	Concertos
A Coruña	43,2	18,9
Lugo	66,7	27,8
Ourense	27,3	27,3
Pontevedra	53,5	38,0
Total	50,4	30,7

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta o ámbito poboacional na análise, pode observarse que hai unha clara tendencia cara ao aumento dos ensaios das corais nese ano conforme aumenta o tamaño dos concellos en que estas se localizan. Foi tamén nas cidades onde se atopou o maior número de agrupacións que tiveron concertos neses primeiros meses tras a pandemia.

Ensaio e concertos en 2020 por ámbito poboacional (valores en %)

	Ensaio	Concertos
Núcleos pequenos ou aldeas	29,1	20,0
Vilas	42,9	14,3
Cidades	72,1	45,9
Total	50,4	30,7

Fonte: Elaboración propia

A idade dos compoñentes é outra variable explicativa que permite observar comportamentos diferentes nas corais da comunidade. Os dous feitos máis destacados e lóxicos acontecen entre as agrupacións cos compoñentes menos envellecidos. Ambas as análises (ensaio e concertos) mostran que as corais cuxos membros están por debaixo dos 49 anos son as que tiveron ensaios e concertos nunha maior proporción. Ademais, obsérvase en ambos os casos unha certa tendencia cara ao decrecemento desas dúas formas de actividade conforme aumenta a idade media dos compoñentes. Ademais, nas dúas circunstancias apréciase unha reversión da devandita tendencia decrecente entre o grupo de maiores de 70 anos.


Ensaio e concertos en 2020 por idade media dos compoñentes (valores en %)

	Ensaio	Concertos
Menos de 49 anos	88,9	66,7
Entre 50 e 59 anos	47,1	29,4
Entre 60 e 69 anos	43,1	25,5
70 anos e máis	50,0	32,0
Total	50,4	30,7

Fonte: Elaboración propia

Por último, cando se fai a análise segundo o gasto das corais chégase a un dobre achado que pode resultar, ata certo punto, lóxico: obsérvase unha clara tendencia cara ao aumento do número de corais que tiveron ensaios e concertos en 2020 conforme aumentan os niveis de gasto das agrupacións.

Ensaio e concertos en 2020 por gasto (valores en %)


	Ensaio	Concertos
Menos de 1.000 €	18,2	0,0
Entre 1.000 e 2.000 €	44,4	22,2
Entre 2.000 e 3.000 €	42,1	26,3
Entre 3.000 e 5.000 €	51,6	22,6
Entre 5.000 e 10.000 €	83,9	61,3
Máis de 10.000 €	100,0	85,7
Sen datos	20,7	10,3
Total	50,4	30,7

Fonte: Elaboración propia

No ano 2021, coas campañas de vacinación xa moi presentes, referendouse a recuperación da actividade ensaística e de concertos das corais galegas. Se en 2020 a metade das agrupacións musicais puideron ter ensaios e máis dunha terceira parte tivo actuacións e concertos en vivo, eses índices subiron ata o 73,6% e o 65%, respectivamente, en 2021. A recuperación dos ensaios estendeuse durante todo o ano, aínda que o primeiro trimestre concentrou o 35% das renovacións. No tocante aos concertos, un 65% das corais galegas tivo actuacións en vivo en 2021 cun total de 516 concertos.




Ensaio das corais en 2021 (valores en %)



Fonte: Elaboración propia

Concertos das corais en 2021 (valores en %)



516 concertos

■ Si tiveron ■ Non tiveron

Fonte: Elaboración propia

Ao observar os datos das provincias, obsérvase de novo que as da provincia de Ourense foron as que en menor medida recuperaron a actividade de ensaios en 2021. Tamén é salientable a alta actividade de ensaios das corais

da provincia da Coruña e, ao mesmo tempo, o escaso número de agrupacións desa mesma provincia que tiveron actuacións en vivo en 2021, cun índice do 59,5%.

Se se ten en conta o ámbito poboacional na análise, pode verse que a tendencia en 2020 cara ao aumento dos ensaios das corais conforme aumenta o tamaño dos concellos en que estas se localizan repítense de novo en 2021. Esa tendencia alcista vese reforzada polos datos do aumento da porcentaxe de concertos das corais conforme se incrementa tamén o tamaño dos concellos.

Ensaio e concertos en 2021 por provincia (valores en %)

	Ensaio	Concerto
A Coruña	83,8	59,5
Lugo	72,2	72,2
Ourense	63,6	63,6
Pontevedra	70,4	66,2
Total	73,7	65,0

Fonte: Elaboración propia

Ensaio e concertos en 2021 por ámbito poboacional (valores en %)

	Ensaio	Concerto
Núcleos pequenos ou aldeas	63,6	56,4
Vilas	81,0	57,1
Cidades	80,3	75,4
Total	73,7	65,0

Fonte: Elaboración propia

Para rematar, e considerando como variables explicativas a idade media dos compoñentes e o gasto das corais, as tendencias observadas para 2020 repítense en ambos os casos e circunstancias.

Ensaio e concertos en 2021 por idade media dos compoñentes (valores en %)

	Ensaio	Concerto
Menos de 49 anos	100,0	77,8
Entre 50 e 59 anos	88,2	82,4
Entre 60 e 69 anos	68,6	60,8
70 anos e máis	68,0	58,0
Total	73,7	65,0

Fonte: Elaboración propia



Ensaio e concertos en 2020 por gasto (valores en %)

	Ensaio	Concertos
Menos de 1.000 €	54,5	36,4
Entre 1.000 e 2.000 €	77,8	55,6
Entre 2.000 e 3.000 €	78,9	73,7
Entre 3.000 e 5.000 €	83,9	74,2
Entre 5.000 e 10.000 €	90,3	90,3
Máis de 10.000 €	100,0	85,7
Sen datos	41,4	31,0
Total	73,7	65,0

Fonte: Elaboración propia

8. Perspectivas futuras

Neste último apartado do informe vanse abordar en profundidade os problemas e necesidades que manifestan as corais galegas para continuar desenvolvendo a súa actividade.

8.1. Problemas que afrontan as corais galegas

Para coñecer os problemas que afrontan as agrupacións, pediúselles aos seus responsables que nomeasen espontaneamente ata tres problemas cos que teñen que enfrontarse as corais para continuar desenvolvendo as súas actividades nos vindeiros anos. Como xa se comentou noutros apartados deste informe, trátase dunha resposta múltiple, xa que cada coral pode mencionar ata tres atrancos ou dificultades.

Despois desta consideración inicial, hai que sinalar que hai dous problemas que as corais galegas manifestan ter por riba doutros: a elevada idade dos membros agravada pola falta de relevo xeracional e os problemas de índole económica e de financiamento. Ambos os problemas son citados maioritariamente (51,8% o tema da idade e 47,4% a cuestión económica) polas persoas responsables das agrupacións que contestaron a enquisa.

Podería facerse un segundo grupo de problemas composto por aqueles que teñen unha frecuencia de ocorrencia menor pero tamén destacada. Estes serían: a falta de axudas das administracións e institucións, a escaseza de compoñentes e a carencia dun local de ensaio, ben sexa propio ou pertencente a algunha institución, asociación ou colectivo. Estes problemas acadan uns índices que oscilan entre o 20,4% e o 25,5%.

Outros problemas, xa de índole máis interna da actividade da coral (a escaseza de determinados tipos de voces, a falta de formación en técnica vocal ou o escaso número de concertos), figuran como cuestións menos preteritorias.

Distribución porcentual dos problemas das corais galegas

Problemas	Porcentaxe
Idade dos compoñentes e falta de relevo xeracional	51,8
Problemas económicos e de financiamento	47,4
Falta de axudas das institucións e administracións	25,5
Escaseza de compoñentes	22,6
Falta de local de ensaio / local de ensaio propio	20,4
Escaseza de determinados tipos de voces/cordas	9,5
Falta de formación en canto e técnica vocal	8,0
Poucos concertos	6,6
Falta de compromiso dos compoñentes	6,6
Falta de voces masculinas	6,6
Falta de promoción e publicidade da actividade das corais	4,4
Escaseza de directores/as	1,5
Outros	3,6
Ningún problema	2,2
Non responde	2,9

Fonte: Elaboración propia

O aspecto territorial, concretado neste caso na provincia onde se localizan as agrupacións, amosa diferenzas na visión dos problemas. Deste xeito, a cuestión máis nomeada globalmente en primeiro lugar (a elevada idade dos compoñentes) vese superada en importancia nas provincias da Coruña, Ourense e, sobre todo, Lugo. Nestes tres territorios os problemas económicos e a falta de axudas institucionais e das administracións pasan a ocupar o primeiro posto na escala de preocupacións.

A provincia de Pontevedra, pola súa banda, mostra un comportamento moi semellante ao que ocorre de xeito global: o problema máis nomeado é o da idade dos membros e, en segundo lugar, o do financiamento e as cuestións económicas. Tamén cómpre destacar que é na provincia pontevedresa onde consideran que existe unha maior necesidade dun local de ensaio para as corais (23,9%, máis de tres puntos porcentuais por riba da media global).



Distribución porcentual dos problemas das corais galegas por provincia

Problemas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Idade dos compoñentes e falta de relevo xeracional	45,9	44,4	36,4	59,2	51,8
Problemas económicos e de financiamento	56,8	72,2	54,5	35,2	47,4
Falta de axudas das institucións e administracións	29,7	11,1	45,5	23,9	25,5
Escaseza de compoñentes	21,6	16,7	36,4	22,5	22,6
Falta de local de ensaio / local de ensaio propio	18,9	16,7	9,1	23,9	20,4
Escaseza de determinados tipos de voces/cordas	10,8	11,1	9,1	8,5	9,5
Falta de formación en canto e técnica vocal	13,5	5,6	0,0	7,0	8,0
Poucos concertos	2,7	11,1	9,1	7,0	6,6
Falta de compromiso dos compoñentes	8,1	16,7	0,0	4,2	6,6
Falta de voces masculinas	5,4	0,0	0,0	9,9	6,6
Falta de promoción e publicidade da actividade das corais	10,8	0,0	9,1	1,4	4,4
Escaseza de directores/as	0,0	0,0	0,0	2,8	1,5
Outros	2,7	0,0	9,1	4,2	3,6
Ningún problema	0,0	0,0	0,0	4,2	2,2
Non responde	2,7	5,6	0,0	2,8	2,9

Fonte: Elaboración propia

O aspecto territorial concrétese tamén no tamaño poboacional dos concellos en que se localizan as corais. Neste sentido, o primeiro que cómpre sinalar é unha forte polarización nas agrupacións de concellos considerados como vilas de tamaño intermedio arredor dos dous temas principais destacados ao inicio deste apartado: a idade dos compoñentes e os problemas económicos e de financiamento das corais. En ambos os casos esas cuestións son nomeadas por un destacado 61,9% das persoas responsables das agrupacións. En ningún outro ámbito se atopa esa mesma polarización.

Distribución porcentual dos problemas das corais galegas por ámbito poboacional

Problemas	Núcleos pequenos ou aldeas	Vilas	Cidades	Total
Idade dos compoñentes e falta de relevo xeracional	49,1	61,9	50,8	51,8
Problemas económicos e de financiamento	47,3	61,9	42,6	47,4

Falta de axudas das institucións e administracións	36,4	14,3	19,7	25,5
Escaseza de compoñentes	29,1	9,5	21,3	22,6
Falta de local de ensaio / local de ensaio propio	14,5	28,6	23,0	20,4
Escaseza de determinados tipos de voces/cordas	9,1	4,8	11,5	9,5
Falta de formación en canto e técnica vocal	10,9	14,3	3,3	8,0
Poucos concertos	3,6	4,8	9,8	6,6
Falta de compromiso dos compoñentes	9,1	0,0	6,6	6,6
Falta de voces masculinas	3,6	4,8	9,8	6,6
Falta de promoción e publicidade da actividade das corais	3,6	4,8	4,9	4,4
Escaseza de directores/as	1,8	0,0	1,6	1,5
Outros	3,6	0,0	4,9	3,6
Ningún problema	0,0	4,8	3,3	2,2
Non responde	5,5	0,0	1,6	2,9

Fonte: Elaboración propia

Ao facer unha análise dos problemas mencionados segundo a idade media dos compoñentes das corais, un achado destacado é a importancia crecente que ten o problema do escaso relevo xeracional conforme aumenta a idade media dos membros. Outro punto destacado é a cuestión económica, que, aínda que é escasamente sinalada polas corais cos membros máis novos, acada o seu punto máis alto entre as agrupacións con membros de entre 50 e 59 anos de idade media, para descender a niveis menos destacados nos dous grupos de idade seguintes.

Distribución porcentual dos problemas das corais galegas por idade media dos compoñentes

Problemas	Menos de 49 anos	Entre 50 e 59 anos	Entre 60 e 69 anos	70 anos e máis	Total
Idade dos compoñentes e falta de relevo xeracional	22,2	41,2	58,8	58,0	51,8
Problemas económicos e de financiamento	22,2	64,7	49,0	46,0	47,4
Falta de axudas das institucións e administracións	22,2	17,6	31,4	24,0	25,5
Escaseza de compoñentes	0,0	17,6	29,4	20,0	22,6
Falta de local de ensaio / local de ensaio propio	33,3	17,6	23,5	18,0	20,4
Escaseza de determinados tipos de voces/cordas	33,3	17,6	5,9	8,0	9,5

Falta de formación en canto e técnica vocal	0,0	5,9	13,7	6,0	8,0
Poucos concertos	11,1	17,6	3,9	6,0	6,6
Falta de compromiso dos compoñentes	55,6	0,0	2,0	4,0	6,6
Falta de voces masculinas	0,0	5,9	3,9	10,0	6,6
Falta de promoción e publicidade da actividade das corais	11,1	5,9	3,9	2,0	4,4
Escaseza de directores/as	0,0	0,0	2,0	2,0	1,5
Outros	0,0	5,9	0,0	2,0	3,6
Ningún problema	0,0	0,0	5,9	2,0	2,2
Non responde	0,0	5,9	2,0	2,0	2,9

Fonte: Elaboración propia

8.2. Necesidades das corais galegas

Como complemento da cuestión dos problemas a que se enfrontan as corais galegas preguntóuselles tamén polas necesidades que teñen para desenvolver mellor as súas actividades. Trátase de que elas mesmas ofrezan propostas de solución aos problemas que acaban de mencionar. Deste xeito, a extensión das axudas económicas e subvencións por parte das administracións e institucións é a necesidade máis destacada polas corais galegas (38,7%) seguida, xa a certa distancia, da necesidade de captar novos compoñentes que aseguren o relevo xeracional.

Outras necesidades nomeadas polas persoas responsables das corais pasan pola consecución dun local de ensaio propio (ou axudas para conseguilo) e pola demanda dunha maior formación en canto e técnica vocal dos/as coristas, mesmo dende as escolas.

Distribución porcentual das necesidades das corais galegas

Necesidades	Porcentaxe
Máis axudas económicas e subvencións das institucións	38,7
Captación de compoñentes	20,4
Local de ensaio propio / axudas para local de ensaio	13,1
Máis formación dende as escolas	10,2
Máis concertos, máis promoción das actividades	5,1
Apoio en temas loxísticos: instrumentos, desprazamentos...	2,9
Máis ensaios e compromiso dos compoñentes	1,5
Máis colaboración entre corais	1,5
Ningunha necesidade	0,7
Non responde	5,8

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta a provincia en que se localizan os concellos aos que pertencen as corais, chama a atención a escasa importancia concedida polas corais ourensás ás axudas económicas (18,2%), moi por debaixo da necesidade de captar novos compoñentes, nomeada por un 54,5% das corais. Cómpre destacar que nas agrupacións da provincia de Lugo estas son as dúas necesidades máis nomeadas, xa que o resto de cuestións fican a unha distancia moi grande.

Distribución porcentual das necesidades das corais galegas por provincia

Necesidades	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Máis axudas económicas e subvencións das institucións	37,8	55,6	18,2	38,0	38,7
Captación de compoñentes	13,5	33,3	54,5	15,5	20,4
Local de ensaio propio / axudas para local de ensaio	13,5	0,0	9,1	16,9	13,1
Máis formación dende as escolas	21,6	5,6	0,0	7,0	10,2
Máis concertos, máis promoción das actividades	5,4	0,0	9,1	5,6	5,1
Apoio en temas loxísticos: instrumentos, desprazamentos...	0,0	0,0	0,0	5,6	2,9
Máis ensaios e compromiso dos compoñentes	0,0	0,0	9,1	1,4	1,5
Máis colaboración entre corais	5,4	0,0	0,0	0,0	1,5
Ningunha necesidade	0,0	0,0	0,0	1,4	0,7
Non responde	2,7	5,6	0,0	8,5	5,8

Fonte: Elaboración propia

Na análise segundo o tamaño dos concellos pódese observar unha tendencia que se mostraba timidamente no apartado anterior e que agora se observa con máis claridade: existe unha tendencia decrecente na necesidade de axudas económicas procedentes das institucións conforme aumenta a poboación dos concellos en que teñen a súa sede as corais galegas. Isto resulta algo lóxico xa que as posibilidades económicas e de financiamento a través das cotas dos compoñentes son maiores nas contornas urbanas que nas rurais.

Distribución porcentual das necesidades das corais galegas por ámbito poboacional

Necesidades	Núcleos pequenos ou aldeas	Vilas	Cidades	Total
Máis axudas económicas e subvencións das institucións	47,3	38,1	31,1	38,7
Captación de compoñentes	20,0	19,0	21,3	20,4

Local de ensaio propio / axudas para local de ensaio	10,9	9,5	16,4	13,1
Máis formación dende as escolas	7,3	19,0	9,8	10,2
Máis concertos, máis promoción das actividades	5,5	4,8	4,9	5,1
Apoio en temas loxísticos: instrumentos, desprazamentos...	0,0	4,8	4,9	2,9
Máis ensaios e compromiso dos compoñentes	1,8	0,0	1,6	1,5
Máis colaboración entre corais	0,0	4,8	1,6	1,5
Ningunha necesidade	0,0	0,0	1,6	0,7
Non responde	7,3	0,0	6,6	5,8

Fonte: Elaboración propia

A cuestión das axudas económicas das administracións parece que perde importancia entre as corais cuxos membros teñen unha idade máis avanzada, segundo se pode comprobar nos resultados da táboa seguinte. Algo similar acontece coa importancia concedida á cuestión da formación dos coristas dende as escolas.

Distribución das necesidades das corais galegas por idade media dos compoñentes

Necesidades	Menos de 49 anos	Entre 50 e 59 anos	Entre 60 e 69 anos	70 anos e máis	Total
Máis axudas económicas e subvencións das institucións	44,4	52,9	37,3	34,0	38,7
Captación de compoñentes	33,3	11,8	25,5	16,0	20,4
Local de ensaio propio / axudas para local de ensaio	11,1	0,0	13,7	18,0	13,1
Máis formación dende as escolas	0,0	17,6	11,8	10,0	10,2
Máis concertos, máis promoción das actividades	0,0	5,9	5,9	6,0	5,1
Apoio en temas loxísticos: instrumentos, desprazamentos...	0,0	5,9	0,0	6,0	2,9
Máis ensaios e compromiso dos compoñentes	0,0	0,0	2,0	2,0	1,5
Máis colaboración entre corais	11,1	0,0	0,0	2,0	1,5
Ningunha necesidade	0,0	0,0	0,0	2,0	0,7
Non responde	0,0	5,9	3,9	4,0	5,8

Fonte: Elaboración propia

9. Conclusións

En Galicia hai 266 agrupacións corais. O 46,6% está na provincia de Pontevedra, o 32% na Coruña, o 11,3% en Lugo e o 10,2% en Ourense. Practicamente a metade (125) está localizada en núcleos pequenos ou aldeas, un terzo (95) nas cidades e 46 nas vilas.

A masa social implicada neste tipo de entidades é considerable. Pódese estimar un número total de 6.100 persoas. Existe, en calquera caso, unha variación importante, que abrangue dende entidades pequenas de 11 membros ata grandes con máis de 60 cantantes. O número medio de membros das corais galegas é de 29.

A fundación das corais galegas é relativamente recente. O ano medio de inicio de actividade sitúase en 1991. Só un 18% das corais galegas actuais foi fundado antes de 1980 e un 37% a partir do ano 2000.

A avanzada idade dos seus compoñentes é unha das principais características do colectivo. Tres de cada catro compoñentes teñen 60 ou máis anos: un 44% supera os 70 anos e un 30,7% atópase entre 60 e 69. Por sexo, un 61,3% dos integrantes das corais son mulleres e un 38,7% homes. Esta maioría de mulleres determina tamén a distribución por cordas. Do total de cantantes, o 31% son sopranos e o 30,2% contraltos.

Máis dun 75% das corais galegas son agrupacións independentes e un 24% forma parte dalgún tipo de agrupación social, cultural ou doutra institución. Destas últimas, un 12% está integrado en centros culturais, un 4% en asociacións veciñais e un 2% tanto en centros sociais como en residencias da terceira idade.

A formación musical dos cantantes é escasa. Un 65,4% dos membros non ten ningún tipo de formación especializada e só un 23% ten coñecementos elementais de solfexo para a lectura de partituras. Quizais en relación con esta situación, a maioría de entidades carece de accións formativas. Unicamente no 35,7% das corais galegas se imparte algún tipo de formación musical, especialmente a relacionada co canto e a técnica vocal (21,9%), seguida de formación en solfexo e linguaxe musical (10,2%). Un escaso 3% das corais dispón de escola de música recoñecida.

Contrasta con esta situación a elevada formación da figura de director/a das corais, cun 75,9% con estudos superiores de música e un 23,4%

de nivel medio. A idade destes profesionais é sensiblemente inferior á dos compoñentes (50 anos) e son principalmente homes (72,3% de homes fronte a 27,7% de mulleres). Un 75,2% dos/as directores/as das corais galegas recibe remuneración económica, xeralmente igual ou inferior aos 350 € mensuais. Nun 25,5% dos casos o salario percibido oscila entre os 351 e os 500 €. Unha cuarta parte dos directores non recibe remuneración.

Esta situación de certa precariedade está moi relacionada coa modesta dimensión económica das entidades estudadas. O gasto medio das corais galegas durante o ano 2021 foi de 5.253 €, pero cun rango moi amplo, con entidades cun gasto mínimo de 200 € e outras cun máximo de 34.000 €. Estes gastos abranguen o salario do/a director/a da coral, os desprazamentos aos lugares das actuacións, o alugueiro do local de ensaio etc.

Gran parte dos ingresos proveñen das cotas que cobran aos asociados tres cuartas partes das entidades, no 40% dos casos, de ata 60 € ao ano. Case a metade das corais galegas non perciben ningunha compensación económica polas interpretacións públicas que levan a cabo. Entre as que si perciben remuneración económica, máis do 29% obtén entre 301 e 600 € por actuación. Para algo máis da metade das corais (51,1%) os ingresos complementáanse con subvencións públicas, cuxo importe medio é relativamente modesto, situado en 3.267 €, cun mínimo de 300 € e un máximo de 11.130 €.

O ámbito maioritario das actuacións das corais galegas é a comunidade autónoma de Galicia (nun 86,9% dos casos), cunha destacada presenza tamén no resto de España (56,9%) e en Portugal (55,5%).

As composicións máis interpretadas son as cancións de temas populares (77,4%), seguidas polas de temática sacra ou relixiosa (60,6%) e as de compositores históricos (49,6%). Un 48,9% das interpretacións das corais galegas é a capela (sen acompañamento instrumental), un 44,5% das corais mestura actuacións con axuda musical en ocasións e a capela noutras, e un 6,6% actúa sempre con soporte instrumental. Os principais instrumentos utilizados polas agrupacións nas súas interpretacións son o teclado (40,9%) e o piano (34,3%), seguidos polos instrumentos de percusión (17,5%) e guitarras (12,4%). Un 84% das corais galegas dispón de uniforme propio para as súas actuacións.

.....

Como non debería resultar sorprendente, a capacidade económica das corais é unha variable que incide positivamente nalgúns características básicas deste tipo de entidades. Son máis grandes en termos de número de compoñentes, teñen uns cantantes máis preparados, contan cuns directores cuns niveis de formación superiores e dispoñen en maior medida de instrumentos musicais como o piano. O rango xeográfico das actuacións tamén é maior, xa que tenden a desprazarse máis. A maior capacidade de gasto tamén está relacionada con subvencións de maior contía.

En relación coa capacidade económica atópase o hábitat onde se localizan as corais, en parte porque a capacidade de gasto é maior nas corais urbanas. De feito, é nas cidades onde se cobran cotas máis elevadas aos membros, así como onde se perciben retribucións económicas maiores polas actuacións e subvencións máis cuantiosas. Esta situación económica mellor tamén podería favorecer que nas cidades se conte con persoas que as dirixen máis preparadas. Nas corais das cidades hai tamén máis cantantes con maior formación musical.

A idade tamén inflúe nalgúns aspectos. Por exemplo, existe certa tendencia a que teñan mellor preparación musical as persoas máis novas, tanto no caso de cantantes como no de directores/as. Tamén é un feito que nas corais con persoas máis novas se ofrecen servizos de educación musical en maior medida. Tenden a desprazarse máis e a realizar concertos fóra do seu ámbito as entidades con compoñentes de menos idade. Probablemente en relación con toda esta maior actividade, teñen máis capacidade económica e reciben subvencións máis cuantiosas. En cambio, as entidades con cantantes de maior idade tenden a cobrar cotas máis elevadas aos membros.

Os efectos da pandemia da COVID-19 foron notables no colectivo estudado. Tendo en conta que o número medio de membros das corais galegas en xaneiro de 2020 era de 32 persoas, pódese estimar que a consecuencia da pandemia deixaron de asistir ás actividades das corais uns 700 membros en toda a comunidade autónoma. Sufriron en maior medida os efectos negativos as corais radicadas en contornas urbanas.

.....

Máis da metade das corais galegas puideron retomar os ensaios nos meses posteriores ao confinamento no mesmo ano 2020, incluso no segundo trimestre. En cambio, os concertos e actuacións en vivo mostraron unha menor capacidade de recuperación. As corais con maior capacidade económica e con membros máis novos tiveron un maior número de ensaios e concertos en 2020 en relación co resto. En 2021 as entidades que tiveron ensaios e concertos en vivo subiron ata o 73,6% e o 65%, respectivamente.

En canto á análise que fai o propio colectivo e ás perspectivas futuras que observan, as corais galegas citan dous problemas fundamentais: a elevada idade dos seus compoñentes, agravada pola falta de relevo xeracional, e os problemas de índole económica e de financiamento. Ambos os problemas son nomeados de forma maioritaria (51,8% e 47,4%, respectivamente). Outros problemas mencionados serían a falta de axudas públicas, a escaseza de compoñentes e a carencia dun local de ensaio, que acadan uns índices de mención de entre o 20,4% e o 25,5%.

As suxestións que propoñen para mellorar a súa situación están moi relacionadas cos problemas detectados. O 38,7% solicita máis subvencións e axudas. A certa distancia menciónanse a necesidade de captar novos compoñentes que aseguren o relevo xeracional, a dispoñibilidade dun local de ensaio propio (ou axudas para adquirilo) e a demanda dunha maior formación en canto e técnica vocal dos/as coristas, mesmo dende as escolas.